

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

6761 *Real decreto 478/2013, do 21 de xuño, polo que se aproba o Plan hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro.*

O artigo 40.1 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, establece que a planificación hidrolóxica terá como obxectivos xerais conseguir o bo estado e a adecuada protección do dominio público hidráulico e das augas, a satisfacción das demandas de auga, o equilibrio e harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial, incrementando as dispoñibilidades do recurso, protexendo a súa calidade, economizando o seu emprego e racionalizando os seus usos en harmonía co ambiente e os demais recursos naturais. Neste sentido, o citado artigo, no seu número 3, establece que a planificación hidrolóxica se realiza mediante os plans hidrolóxicos de bacía e o Plan hidrolóxico nacional, este último aprobado pola Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional.

O marco normativo da planificación hidrolóxica está configurado pola Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas; o texto refundido da Lei de augas; a Lei 10/2001, do 5 de xullo; o Regulamento do dominio público hidráulico que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril; o Regulamento da planificación hidrolóxica aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo; a Orde ARM/2656/2008, do 10 de setembro, pola que se aproba a Instrución de planificación hidrolóxica; a Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente; o Real decreto 60/2011, do 21 de xaneiro, sobre as normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas; o Real decreto 1620/2007, do 7 de decembro, polo que se establece o réxime xurídico da reutilización das augas depuradas; o Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración; o Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación, e ademais terase en conta, sobre a xestión das inundacións, o Acordo do Consello de Ministros, do 29 de xullo de 2011, polo que se aproba o Plan estatal de protección civil ante o risco de inundacións e o Acordo do Consello de Ministros, do 9 de decembro de 1994, polo que se aproba a Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de inundacións, onde se establece o contido e as funcións básicas dos plans das comunidades autónomas ante o risco de inundacións.

O marco normativo anterior complétase co Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos; o Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas; o Real decreto 126/2007, do 2 de febreiro, polo que se regulan a composición, funcionamento e atribucións dos comités de autoridades competentes das demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias, e o Real decreto 1364/2011, do 7 de outubro, polo que se establece a composición, estrutura e funcionamento do Consello da Auga da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro.

Este marco normativo encádrase no ámbito dos tratados internacionais subscritos por España, en especial o Convenio das Nacións Unidas sobre a protección e uso dos cursos de auga transfronteirizos e os lagos internacionais, feito en Helsinki o 17 de marzo de 1992, e o Convenio de cooperación para a protección e o aproveitamento

sustentable das augas das bacías hidrográficas hispano-portuguesas, feito en Albufeira o 30 de novembro de 1998.

O artigo 40.3 do texto refundido da Lei de augas establece que o ámbito territorial de cada plan hidrolóxico será coincidente co da demarcación hidrográfica correspondente. Neste sentido, o Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, no seu artigo 3.3 delimitou a parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro, logo o ámbito territorial do presente plan abrangue o territorio español da bacía hidrográfica do río Douro.

Consecuentemente, a Confederación Hidrográfica do Douro, ao ser o organismo de bacía da parte española desta demarcación hidrográfica, elaborou este plan hidrolóxico, o que supón a derogación do anterior Plan hidrolóxico de bacía do Douro aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, polo que se aproban os plans hidrolóxicos de bacía, derogación que se estende tamén ás determinacións de contido normativo deste plan, que foi obxecto de publicación pola Orde do 13 de agosto de 1999.

A competencia da Confederación Hidrográfica do Douro para iso baséase, de xeito xeral, no establecido no artigo 23.1.a) do texto refundido da Lei de augas e expresouse a través da súa Xunta de Goberno e do Consello da Auga da demarcación da forma que se relaciona a continuación.

O procedemento seguido pola Confederación Hidrográfica do Douro para a elaboración do presente plan hidrolóxico desenvolveuse en tres etapas: unha primeira, na cal, de acordo co artigo 78.1 do Regulamento da planificación hidrolóxica, se elaborou un programa de traballo que incluíu un calendario sobre as fases previstas, un estudo xeral da demarcación e as fórmulas de consulta; unha segunda, na cal foi elaborado un esquema provisional de temas importantes en materia de xestión de augas da demarcación hidrográfica, e outra terceira na cal se procedeu á redacción do plan propiamente dito.

Na segunda etapa do proceso de planificación hidrolóxica, e tras a preceptiva consulta pública durante un período de seis meses, o organismo de bacía elaborou un informe sobre as propostas, observacións e suxestións recibidas ao Esquema provisional de temas importantes, e incorporou ao dito documento aquelas que considerou adecuadas, para conformar así o citado esquema.

Posteriormente, en virtude da disposición transitoria única incorporada ao Regulamento da planificación hidrolóxica polo Real decreto 1161/2010, do 17 de setembro, e ao non estar aínda constituído o Consello da Auga da demarcación, o esquema de temas importantes someteuse a informe preceptivo do Consello da Auga da bacía e á conformidade do Comité de Autoridades Competentes da Demarcación Hidrográfica do Douro. O Consello da Auga da bacía, con data 25 de outubro de 2010, emitiu informe favorable ao mencionado documento. Pola súa banda, o Comité de Autoridades Competentes da Demarcación deu a súa conformidade o 26 de outubro de 2010.

Na terceira etapa do proceso de planificación, o organismo de bacía redactou a proposta de proxecto de Plan hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro. A elaboración do plan guiouse por criterios de sustentabilidade ambiental, económica e social no uso da auga mediante a xestión integrada e a protección a longo prazo dos recursos hídricos, prevención da deterioración do estado das augas, protección e mellora do medio e dos ecosistemas acuáticos, redución da contaminación e prevención dos efectos das inundacións e secas.

Durante o proceso de elaboración do plan intentouse dotar o seu contido dun carácter pedagóxico que lles permita aos distintos usuarios da auga o coñecemento da normativa estatal que lle serve de marco regulador e pola cal se rexe. Para tal efecto, enténdense como usuarios da auga e, en xeral, dos bens de dominio público hidráulico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro aqueles que realicen algún uso destes, entendendo como usos da auga as distintas clases de utilización do recurso hídrico, así como calquera outra actividade que teña repercusións significativas no estado das augas. Os usuarios das augas transfronteirizas da bacía do Douro terán os mesmos dereitos e obrigas de participación nas xuntas de explotación que os restantes usuarios da auga da

bacía española do Douro, sen prexuízo de que as súas características de inclusión, establecidas nos artigos 41 e 42 do Real decreto 927/1988, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Administración pública da auga e da planificación hidrolóxica, queden ponderadas á metade.

Por outra banda, en relación co contido do plan, e para os efectos de garantir a consecución dos obxectivos e criterios da planificación hidrolóxica, tal e como recolle o artigo 40.1 do texto refundido da Lei de augas, é necesario acomodar o ciclo de revisión dos plans de seca e inundacións ao do Plan hidrolóxico da demarcación, pois o contido dos primeiros repercute directamente na determinación dos obxectivos e as medidas para a consecución do segundo. Neste sentido, a disposición derradeira primeira modifica o Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro, aprobado mediante a Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo.

En paralelo coa propia elaboración do Plan hidrolóxico, de forma interactiva ao longo de todo o seu proceso de desenvolvemento e toma de decisións, efectúouse o proceso de avaliación ambiental estratéxica do plan, de conformidade co disposto no artigo 71.6 do Regulamento da planificación hidrolóxica. Así, este plan hidrolóxico foi sometido ao citado procedemento, tal e como establece a Lei 9/2006, do 28 de abril, co fin de integrar os aspectos ambientais na dita planificación.

En consecuencia, o 4 de agosto de 2008, a Confederación Hidrográfica do Douro, responsable da elaboración do Plan hidrolóxico e, polo tanto, órgano promotor no proceso de avaliación ambiental estratéxica, emitiu o documento inicial que deu comezo ao proceso polo cal se lle comunicaba ao órgano ambiental correspondente, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, actual Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o inicio do proceso de elaboración do Plan hidrolóxico, segundo determina o artigo 18 da Lei 9/2006, do 28 de abril.

Tras o preceptivo trámite de consulta ás administracións públicas afectadas e ao público interesado, o órgano ambiental emitiu, con data 21 de abril de 2009, o documento de referencia, tal e como prevén os artigos 9 e 19 da citada lei. O documento de referencia define os criterios ambientais estratéxicos, os principios de sustentabilidade aplicables e o contido da información que se debe ter en conta na elaboración do informe de sustentabilidade ambiental do Plan hidrolóxico.

No informe de sustentabilidade ambiental identifícanse, descríbense e aválanse os probables efectos significativos sobre o ambiente que derivan do Plan hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro, así como unhas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables, que teñen en conta os seus obxectivos e o seu ámbito territorial de aplicación.

Seguindo co proceso de elaboración do plan, con carácter previo á preceptiva consulta pública da proposta de proxecto de plan hidrolóxico e co obxecto de fomentar e facer efectiva a participación activa das partes interesadas no proceso de planificación, o organismo de bacía organizou, por unha banda, xornadas informativas, obradoiros e mesas de expertos en diferentes lugares da demarcación hidrográfica dirixidos ao público en xeral, así como a edición e difusión de folletos informativos e enquisas e, por outra, reunións de coordinación transfronteirizas coa Administración da Rexión Hidrográfica do Norte de Portugal, grupos de traballo sectoriais e reunións con expertos de recoñecido prestixio; fixo, así mesmo, especial fincapé nos aspectos relacionados coa investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica en materia de augas.

Máis tarde, a proposta de proxecto de plan hidrolóxico e o informe de sustentabilidade ambiental sometéronse a consulta pública durante un período de 6 meses, desde o 15 de decembro de 2010 ata o 18 de xuño de 2011.

Ultimado o período de consulta pública, a Confederación Hidrográfica do Douro realizou un informe sobre as propostas e suxestións recibidas, incorporou aquelas que considerou adecuadas e, posteriormente, o 19 de decembro de 2012, someteuno a informe preceptivo do Consello da Auga da demarcación.

Na redacción final da proposta de proxecto de plan hidrolóxico tívose en conta a memoria ambiental, emitida en decembro de 2012 e aprobada polo secretario de Estado de Medio Ambiente o 18 de decembro de 2012, de conformidade co artigo 80.4 do Regulamento da planificación hidrolóxica.

Coa conformidade do Comité de Autoridades Competentes da demarcación, na súa reunión do 31 de xaneiro de 2013, a redacción final do proxecto de plan hidrolóxico e o informe de sustentabilidade foron remitidos o 11 de febreiro de 2013 ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. O dito departamento someteu o proxecto a consulta do Consello Nacional da Auga, que emitiu o seu informe preceptivo con data 26 de marzo de 2013, como paso previo á súa aprobación mediante real decreto polo Goberno.

O contido deste plan hidrolóxico acomódase ao previsto no artigo 42 do texto refundido da Lei de augas. Seguindo as previsións do artigo 81 do Regulamento da planificación hidrolóxica, a documentación do Plan hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro estrutúrase, por un lado, na memoria, acompañada de catorce anexos, e, por outro lado, na normativa, con nove anexos, que comprende as determinacións de contido normativo do plan e que forma parte inseparable deste real decreto, ao cal se integran, sen que por iso se reste carácter vinculante ao contido do plan previsto na memoria e os seus anexos, en particular ao programa de medidas do anexo 12, pois, de conformidade co artigo 40.4 do texto refundido da Lei de augas, os plans hidrolóxicos son públicos e vinculantes.

Efectivamente, o programa de medidas é un instrumento vinculante e de cumprimento obrigatorio, do cal se extraeron os seus principais mandatos de carácter normativo para trasladalos á normativa que figura a continuación do real decreto, polo que os principios básicos do dito programa están estruturalmente incluídos na citada normativa, pero non por iso deixa de ter o resto do programa de medidas carácter de obrigatorio cumprimento.

A publicidade do Plan hidrolóxico, tendo en conta a extensión de cada unha das partes en que se estrutura, materialízase, tal e como figura na disposición adicional cuarta deste real decreto, a través da publicación formal do contido normativo do plan e dos seus anexos, xunto co real decreto de aprobación, no «Boletín Oficial del Estado» e a publicación da memoria e dos seus anexos na páxina web da Confederación Hidrográfica do Douro.

O real decreto consta de dous artigos, oito disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras, e a normativa do plan.

A normativa que se aproba consta de 106 artigos, estruturados en oito capítulos dedicados a disposicións xerais, definición de masas de auga, consecución dos obxectivos ambientais, atención das necesidades da auga, utilización do dominio público hidráulico, protección do dominio público hidráulico, réxime económico-financieiro e seguimento e revisión do Plan hidrolóxico.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de xuño de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. Aprobación do Plan hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro.

1. De acordo co disposto no artigo 40.5 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, apróbase o Plan hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro.

2. A estrutura do Plan hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro, de conformidade co artigo 81 do Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, é a seguinte:

a) Unha memoria e catorce anexos cos seguintes títulos: Masas de auga artificial e moi modificada (anexo 1); Inventario de recursos hídricos (anexo 2); Zonas protexidas

(anexo 3); Caudais ecolóxicos (anexo 4); Demandas de auga (anexo 5); Asignación e reserva de recursos (anexo 6); Inventario de presións (anexo 7); Obxectivos ambientais (anexo 8); Recuperación de custos (anexo 9); Participación pública (anexo 10); Manual do sistema de información (anexo 11), Programa de medidas (anexo 12); Actualización do PES (anexo 13) e Atlas de mapas (anexo 14).

b) Unha normativa do plan, que se insire neste real decreto xunto con nove anexos, cos seguintes títulos: Composición do Comité de Autoridades Competentes (anexo 1); Definición de masas de auga (anexo 2); Obxectivos ambientais (anexo 3); Caudais ecolóxicos (anexo 4); Asignación de recursos (anexo 5); Reserva de recursos (anexo 6); Masas de auga subterránea en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo (anexo 7); Zonas de protección (anexo 8); Dotacións netas máximas para rega por cultivos e bisbarrias agrarias (anexo 9).

3. O ámbito territorial do Plan hidrolóxico da demarcación é o definido no artigo 3.3 do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.

Artigo 2. Condicións para a realización das infraestruturas hidráulicas promovidas pola Administración xeral do Estado.

As infraestruturas hidráulicas promovidas pola Administración xeral do Estado e previstas no plan serán sometidas, previamente á súa realización, a unha análise sobre a súa viabilidade técnica, económica e ambiental pola Administración xeral do Estado. En calquera caso, a súa construción supeditarase á normativa vixente sobre avaliación de impacto ambiental, ás dispoñibilidades orzamentarias e aos correspondentes plans sectoriais, cando a súa normativa específica así o prevexa.

Disposición adicional primeira. Masas de auga fronteirizas e transfronteirizas.

Todas as referencias ás masas de auga que realiza este plan hidrolóxico quedan limitadas desde un punto de vista normativo á parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro. En consecuencia, as masas de auga fronteirizas e transfronteirizas da Demarcación Hidrográfica do Douro a que se fai referencia no plan, así como as súas tipoloxías, condicións de referencia e obxectivos ambientais, poderanse ver modificadas de acordo cos resultados dos traballos de cooperación con Portugal realizados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no marco do Convenio sobre cooperación para a protección e o aproveitamento sustentable das augas das bacías hidrográficas hispano-portuguesas, feito en Albufeira o 30 de novembro de 1998 e modificado polo Protocolo de revisión feito en Madrid e Lisboa o 4 de abril de 2008.

Disposición adicional segunda. Adaptación e consolidación de métricas e limiares para a valoración do estado das masas de auga.

Mediante orde do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, por proposta da Confederación Hidrográfica do Douro, e logo de informe favorable do Consello da Auga da demarcación, poderanse incorporar, adaptar e consolidar as métricas, condicións de referencia e limiares necesarios para avaliar o estado das masas de auga da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro, ata lograr unha adecuada valoración para os efectos de poder presentar unha imaxe integrada e coherente do estado das masas de auga, conforme as novas disposicións ou os novos avances científicos e técnicos, nacionais e comunitarios, que se produzan na identificación e utilización dos ditos parámetros.

Considérase que non existe deterioración das masas de auga en caso de que esta sexa resultado en exclusiva da incorporación de novos parámetros que ofrezan unha determinación máis precisa do seu estado. Para verificar a evolución do estado das masas de auga, nas sucesivas revisións do Plan hidrolóxico detallarase xunto coa valoración máis actualizada a recollida inicialmente neste plan.

Disposición adicional terceira. *Programa de medidas.*

Dentro do programa de medidas previsto na memoria e desenvolvido no seu anexo 12, que forma parte deste plan hidrolóxico, priorizaranse, en función das dispoñibilidades orzamentarias, aquelas actuacións que repercutan sobre as masas de auga que teñan un estado ou potencial peor que «bo», para conseguir os obxectivos ambientais propostos e alcanzar o bo estado ou potencial nos prazos previstos. Así mesmo, dentro destas actuacións, fomentaranse as medidas que sexan máis sustentables tanto desde o punto de vista ambiental como económico.

Todo iso sen prexuízo do obrigado cumprimento das partes do programa de medidas que figura no anexo 12 da memoria do plan que se incorporou nos artigos 24, 101 e anexo 3.1 da normativa do plan, referida no artigo 1.2.b), e daquelas outras partes de que derive o seu carácter obrigatorio.

Disposición adicional cuarta. *Publicidade.*

Dado o carácter público dos plans hidrolóxicos, conforme o disposto no artigo 40.4 do texto refundido da Lei de augas, calquera persoa poderá consultar o contido íntegro do plan na sede da Confederación Hidrográfica do Douro. Igualmente, esta información estará dispoñible na sección de planificación da súa páxina web www.chduero.es. Os documentos que conforman o dito plan apóianse no sistema de información alfanumérico e xeoespacial Mírame, que é administrado pola Confederación nos termos previstos na normativa do plan.

Así mesmo, poderanse obter copias ou certificados dos seus aspectos de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e acceder ao seu contido nos termos previstos na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Disposición adicional quinta. *Integración da protección do medio hídrico no resto de políticas sectoriais.*

Co obxecto de alcanzar un nivel elevado de protección e mellora da calidade do medio acuático, as exixencias da protección do medio hídrico deberanse integrar na definición e execución das políticas, plans, programas e proxectos sectoriais que se van desenvolver na parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro, en particular co fin de promover un uso racional, equilibrado e sustentable da auga.

Disposición adicional sexta. *Réxime económico.*

Da aplicación do presente real decreto non poderá derivar ningún incremento de gasto de persoal. As novas necesidades de recursos humanos que, de ser o caso, puidesen xurdir como consecuencia das obrigas normativas consideradas neste real decreto deberán ser atendidas mediante a reordenación ou redistribución de efectivos.

Disposición adicional sétima. *Declaración de utilidade pública e interese social.*

De conformidade co artigo 44.2 do texto refundido da Lei de augas, e o artigo 91 do Regulamento da planificación hidrolóxica, decláranse de utilidade pública para os efectos da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, os proxectos, obras e terreos necesarios para a execución de todas as infraestruturas relacionadas no programa de medidas do Plan hidrolóxico para a consecución dos obxectivos ambientais das masas de auga superficial e subterránea do plan.

Disposición adicional oitava. *Actualización e revisión do Plan hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro.*

De conformidade co número 6 da disposición adicional décimo primeira do texto refundido da Lei de augas, este plan será revisado antes do 31 de decembro de 2015.

Disposición derogatoria única. *Derogación do Plan hidrolóxico de bacía do Douro.*

Quedan derogados o artigo 1.1.b) «Plan hidrolóxico do Douro» do Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, polo que se aproban os plans hidrolóxicos de bacía, e a Orde do 13 de agosto de 1999 pola que se dispón a publicación das determinacións de contido normativo do Plan hidrolóxico de bacía do Douro, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro.*

Para os efectos de garantir a coherencia entre os obxectivos ambientais establecidos no Plan hidrolóxico e o sistema de indicadores e as medidas de prevención e mitigación das secas establecido no Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro, aprobado pola Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo, modifícase:

a) O capítulo 5 (Sistema de indicadores e definición de limiares) do citado PES, coa redacción dada polo anexo n.º 13 da memoria do Plan hidrolóxico.

b) O capítulo 7 (Medidas de prevención e mitigación das secas) do citado PES, coa redacción dada polo anexo n.º 13 á memoria do Plan hidrolóxico.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.22ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia sobre a lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de xuño de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

NORMATIVA DO PLAN HIDROLÓXICO DA PARTE ESPAÑOLA DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DO DOURO

ÍNDICE

Capítulo primeiro. Disposicións xerais

- Artigo 1. Obxecto
- Artigo 2. Ámbito territorial
- Artigo 3. Sistema de información
- Artigo 4. Autoridades competentes

Capítulo segundo. Definición de masas de auga

Sección primeira. Masas de auga superficial

- Artigo 5. Identificación e delimitación de masas de auga superficial
- Artigo 6. Designación de masas de auga moi modificadas
- Artigo 7. Designación de masas de auga artificiais
- Artigo 8. Masas de auga transfronteirizas
- Artigo 9. Tipoloxía das masas de auga naturais
- Artigo 10. Tipoloxía das masas de auga moi modificadas
- Artigo 11. Tipoloxía das masas de auga artificiais
- Artigo 12. Condicións de referencia e límites de cambio de clase

Sección segunda. Masas de auga subterránea

- Artigo 13. Identificación e delimitación de masas de auga subterránea
- Artigo 14. Valores limiar.

Capítulo terceiro. Consecución dos obxectivos ambientais

Sección primeira. Obxectivos ambientais

- Artigo 15. Obxectivos ambientais xerais no horizonte 2015
- Artigo 16. Obxectivos ambientais e prórrogas no horizonte 2021
- Artigo 17. Obxectivos ambientais e prórrogas no horizonte 2027
- Artigo 18. Obxectivos ambientais menos rigorosos
- Artigo 19. Accións en masas de auga con poucas posibilidades de alcanzar os obxectivos

Sección segunda. Deterioración temporal

- Artigo 20. Deterioración temporal do estado das masas de auga
- Artigo 21. Deterioración temporal das masas de auga en situación de seca
- Artigo 22. Deterioración temporal das masas de auga por inundación
- Artigo 23. Deterioración temporal das masas de auga por accidentes

Sección terceira. Condicións para novas modificacións ou alteracións

- Artigo 24. Condicións para as novas modificacións ou alteracións
- Artigo 25. Informe previo de valoración

Capítulo cuarto. Atención das necesidades de auga

Sección primeira. Réximes de caudais ecolóxicos

- Artigo 26. Réximes de caudais ecolóxicos
- Artigo 27. Caudais ecolóxicos de desaugamento de encoros
- Artigo 28. Concertación dos réximes de caudais ecolóxicos
- Artigo 29. Caudais ecolóxicos en puntos de control relevantes
- Artigo 30. Caudais ecolóxicos en masas de auga da categoría río

- Artigo 31. Caudais máximos, caudais de enchente, caudais de estiaxe extrema e taxas de cambio
- Artigo 32. Control e seguimento do réxime de caudais ecolóxicos
- Artigo 33. Cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos
- Sección segunda. Usos da auga
- Artigo 34. Usos da auga
- Artigo 35. Prioridade e compatibilidade de usos
- Sección terceira. Asignación e reserva de recursos
- Artigo 36. Definición dos sistemas de explotación
- Artigo 37. Balances entre recursos e demandas
- Artigo 38. Réxime de caudais establecido no Convenio de Albufeira
- Artigo 39. Asignación de recursos
- Artigo 40. Reserva de recursos
- Capítulo quinto. Utilización do dominio público hidráulico
- Sección primeira. Disposicións xerais sobre autorizacións e concesións
- Artigo 41. Solicitude de novas concesións
- Artigo 42. Respecto ao réxime de caudais ecolóxicos
- Artigo 43. Novas concesións non previstas nas reservas establecidas
- Artigo 44. Concesións para actividades susceptibles de xerar verteduras directas
- Artigo 45. Modificacións das concesións
- Artigo 46. Revisión de concesións
- Artigo 47. Limitación dos prazos das concesións
- Artigo 48. Dotacións unitarias máximas
- Artigo 49. Dotacións unitarias máximas brutas para abastecemento de poboacións
- Artigo 50. Dotacións unitarias máximas brutas para industrias produtoras de bens de consumo
- Artigo 51. Dotacións unitarias máximas brutas para gandaría
- Artigo 52. Dotacións unitarias máximas netas para rega
- Artigo 53. Dotacións obxecto no caso dos contratos de cesión de dereitos ao uso da auga
- Artigo 54. Criterios en relación coas concesións para regadío
- Artigo 55. Criterios en relación cos aproveitamentos enerxéticos
- Artigo 56. Canles artificiais para navegación
- Sección segunda. Autorizacións no leito, zona de servidume e zona de policía
- Artigo 57. Condicionado particular para obras en leito, zona de servidume e zona de policía
- Artigo 58. Condicionado particular para extracción de areas
- Artigo 59. Condicionado particular para cultivos arbóreos
- Sección terceira. Autorizacións e concesións de auga subterránea
- Artigo 60. Normas para a utilización das masas de auga subterránea. Zonificación
- Artigo 61. Condicionantes de carácter xeral
- Artigo 62. Masas de auga subterránea en risco de non alcanzaren o bo estado cuantitativo
- Artigo 63. Condicións particulares para novas concesións en zonas condicionadas ou con restricións específicas para aproveitamentos de augas subterráneas

- Artigo 64. Condicións particulares para novas concesións en zonas non autorizadas
- Artigo 65. Modificación dos dereitos de auga subterránea vixentes en zonas non autorizadas
- Artigo 66. Autorizacións para recarga artificial con augas naturais
- Artigo 67. Autorizacións para recarga artificial con augas procedentes doutros usos
- Artigo 68. Instalacións xeotérmicas de climatización
- Artigo 69. Comunidades de usuarios de masas de auga subterránea

Capítulo sexto. Protección do dominio público hidráulico

Sección primeira. Normas xerais

- Artigo 70. Protección da morfoloxía fluvial
- Artigo 71. Ruptura da continuidade do leito
- Artigo 72. Protección contra inundacións
- Artigo 73. Caudal sólido

Sección segunda. Figuras de protección

- Artigo 74. Rexistro de zonas protexidas
- Artigo 75. Medidas en relación coas zonas protexidas para captación de auga destinada ao consumo humano
- Artigo 76. Definición de reservas naturais fluviais
- Artigo 77. Criterios para a conservación das reservas naturais fluviais
- Artigo 78. Identificación de zonas de protección especial
- Artigo 79. Condicións específicas para a protección das zonas de protección especial

- Artigo 80. Inventario de zonas húmidas da bacía do Douro

Sección terceira. Verteduras

- Artigo 81. Autorizacións de vertedura
- Artigo 82. Verteduras procedentes de zonas urbanas
- Artigo 83. Verteduras procedentes de zonas industriais
- Artigo 84. Verteduras de augas pluviais
- Artigo 85. Verteduras en leitos naturais con réxime intermitente de caudal
- Artigo 86. Verteduras ás augas subterráneas
- Artigo 87. Verteduras indirectas ás augas subterráneas

Sección cuarta. Reutilización

- Artigo 88. Reutilización de augas depuradas
- Artigo 89. Reutilización de augas de achique de minas
- Artigo 90. Reutilización de retornos de rega

Capítulo sétimo. Réxime económico financeiro

- Artigo 91. Recuperación do custo dos servizos da auga
- Artigo 92. Excepcións ao principio de recuperación de custos

Capítulo oitavo. Seguimento e revisión do Plan hidrolóxico

Sección primeira. Participación pública

- Artigo 93. Proxecto de participación pública
- Artigo 94. A base de datos Participa
- Artigo 95. Condición de interesado
- Artigo 96. Accións de información pública
- Artigo 97. Accións de consulta pública

Artigo 98. Accións de participación activa
Artigo 99. Documentación e introdución de cambios polas alegacións recibidas

Sección segunda. Seguimento do Plan hidrolóxico

Artigo 100. Seguimento do estado das augas

Artigo 101. Seguimento do programa de medidas

Artigo 102. Seguimento dos réximes de caudais ecolóxicos

Artigo 103. Outros traballos de seguimento

Sección terceira. Revisión do Plan hidrolóxico

Artigo 104. Revisión do Plan hidrolóxico

Artigo 105. Revisión do Plan especial de secas

Artigo 106. Revisión do Plan de xestión de zonas inundables

Anexo 1. Composición do Comité de Autoridades Competentes

Anexo 2. Definición de masas de auga

Anexo 3. Obxectivos ambientais

Anexo 4. Caudais ecolóxicos

Anexo 5. Asignación de recursos

Anexo 6. Reserva de recursos

Anexo 7. Masas de auga subterránea en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo

Anexo 8. Zonas de protección

Anexo 9. Dotacións netas máximas para rega por cultivos e bisbarras agrarias

CAPÍTULO PRIMEIRO

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

A presente normativa ten por obxecto incorporar nun único documento os contidos normativos do Plan hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro, en cumprimento do previsto no artigo 81 do Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo.

Artigo 2. *Ámbito territorial.*

1. Conforme o artigo 3.3 do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas, o ámbito territorial do Plan hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro abrangue o territorio español da bacía hidrográfica do Douro.

2. A delimitación do ámbito territorial do presente plan hidrolóxico realízase conforme a información alfanumérica e xeoespacial dixital almacenada no sistema de información Mírame administrado pola Confederación Hidrográfica do Douro e desenvolvido no seguinte artigo.

Artigo 3. *Sistema de información.*

1. Para dar soporte a toda a información alfanumérica e xeoespacial contida no Plan hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro créase o sistema de información denominado Mírame, administrado pola Confederación Hidrográfica do Douro. En defecto do previsto con carácter específico noutras disposicións, o exercicio das funcións de administración do sistema de información Mírame levarao a cabo a Oficina de Planificación Hidrolóxica do organismo de bacía.

2. En especial e entre outras funcións, o sistema de información Mírame dá soporte ao Rexistro de zonas protexidas da bacía española do Douro, de acordo co establecido no artigo 24 do Regulamento da planificación hidrolóxica, e proporciona toda a información necesaria en relación co estado das masas de auga, de acordo co artigo 87.2 do citado Regulamento da planificación hidrolóxica.

3. O sistema de información Mírame constitúe o nodo interoperable do organismo de bacía de acordo coas normas de execución da infraestrutura de datos espaciais de España definidas polo Consello Superior Xeográfico, de acordo co establecido na Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España, e integra a base de datos Participa, cuxa natureza e finalidade se regulan no artigo 94, e a de Informes de compatibilidade, a que se fai referencia no artigo 41.

4. Sen prexuízo das medidas que se deban adoptar para dar cobertura aos distintos niveis de protección de datos exixibles pola lexislación vixente, tanto o sistema de información Mírame coma o nodo da infraestrutura de datos espaciais da Confederación Hidrográfica do Douro son accesibles ao público no enderezo electrónico <http://www.mirame.chduero.es>.

Artigo 4. *Autoridades competentes.*

1. Son autoridades competentes da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro:

- a) Os órganos e entidades da Administración xeral do Estado con competencias sobre o aproveitamento, protección e control das augas no ámbito territorial do presente plan hidrolóxico.
- b) Os órganos e entidades das comunidades autónomas cuxo territorio forme parte total ou parcialmente do ámbito territorial deste plan hidrolóxico, con competencias sobre a protección e control das augas.
- c) Os entes locais cuxo territorio coincida total ou parcialmente co ámbito territorial deste plan hidrolóxico con competencias sobre a protección e control das augas.

2. O Comité de Autoridades Competentes da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro ten, conforme o artigo 36 bis do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo (en diante texto refundido da Lei de augas), a función de garantir a adecuada cooperación

na aplicación das normas comunitarias e nacionais, de protección das augas no ámbito territorial da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro.

3. A actual composición do Comité de Autoridades Competentes da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro, designado de conformidade co previsto no Real decreto 126/2007, do 2 de febreiro, polo que se regulan a composición, funcionamento e atribucións dos comités de autoridades competentes das demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias, inclúese no anexo 1.

4. A Confederación Hidrográfica do Douro manterá actualizada e porá á disposición do público, a través da súa páxina web (www.chduero.es) a composición do Comité de Autoridades Competentes da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro a medida que, conforme o indicado no Real decreto 126/2007, se puidesen ir producindo cambios na composición ou designación dos membros do citado comité.

CAPÍTULO SEGUNDO Definición de masas de auga

SECCIÓN PRIMEIRA Masas de auga superficial

Artigo 5. *Identificación e delimitación de masas de auga superficial.*

1. De acordo co artigo 5 do Regulamento da planificación hidrolóxica, o Plan hidrolóxico identifica e delimita 710 masas de auga superficial na bacía española do Douro. Os datos xeométricos de delimitación e os datos de caracterización de cada unha das citadas masas de auga encóntranse almacenados e accesibles ao público no sistema de información Mírame, onde cada masa de auga se identifica mediante un código propio.

2. Das 710 masas de auga superficial identificadas e delimitadas, incluíndo as de orixe artificial, asígnanse:

- a) Á categoría *río*, 691 masas de auga, das cales 608 corresponden a ríos naturais, 80 a masas de auga moi modificadas e 3 a masas de auga artificiais.
- b) Á categoría *lago*, 19 masas de auga, das cales 12 corresponden a lagos naturais, 2 a masas de auga moi modificadas e 5 a masas de auga artificiais.

3. As 608 masas de auga da bacía española do Douro correspondentes á categoría *río natural* relaciónanse no anexo 2.1.

4. As 12 masas de auga da bacía española do Douro correspondentes á categoría *lago natural* relaciónanse no anexo 2.2.

Artigo 6. *Designación de masas de auga moi modificadas.*

1. Parte das masas de auga superficial da bacía española do Douro que, na súa orixe, eran ríos ou lagos naturais identifícanse e delimitáanse no Plan hidrolóxico como moi modificadas.
2. As 80 masas de auga da bacía do Douro da categoría *río* que se definen como moi modificadas relaciónanse no anexo 2.3 desta normativa. Destas masas de auga, 42 transformáronse en encoros (ríos lénticos), mentres que as 38 restantes manteñen o seu carácter de ríos lóticos.
3. As 2 masas de auga da bacía do Douro da categoría *lago* que se definen como moi modificadas relaciónanse no anexo 2.4 desta normativa.

Artigo 7. *Designación de masas de auga artificiais.*

1. No ámbito territorial do Plan hidrolóxico identifícanse e delimitáanse 8 masas de auga artificiais, 3 asimiladas á categoría *río* e 5 asimiladas á categoría *lago*.
2. As 3 masas de auga artificiais asimiladas á categoría *río* relaciónanse no anexo 2.5.
3. As 5 masas de auga artificiais asimiladas á categoría *lago* relaciónanse no anexo 2.6.

Artigo 8. *Masas de auga transfronteirizas.*

1. Entre as masas de auga superficial definidas previamente teñen a consideración de masas de auga transfronteirizas da demarcación internacional do Douro aquelas que inclúen augas transfronteirizas, considerando como tales as augas que sinalan, atravesan ou se encontran situadas nas fronteiras entre os dous Estados, de acordo coa definición incluída no Convenio sobre cooperación para o aproveitamento sustentable das augas das bacías hidrográficas hispano-portuguesas, feito en Albufeira o 30 de novembro de 1998 (Convenio de Albufeira).
2. No anexo 2.7 contense a proposta das masas de auga transfronteirizas da demarcación internacional do Douro. Da mesma forma que para o resto das masas de auga, os datos xeométricos de delimitación e caracterización destas masas de auga transfronteirizas encóntranse almacenados e accesibles ao público no sistema de información Mírame, onde cada masa de auga se identifica mediante un código propio.
3. A identificación e delimitación definitiva das masas de auga transfronteirizas da demarcación do Douro motivará a actualización e consecuente revisión do Plan hidrolóxico, que exixirá o informe previo favorable da Comisión para a Aplicación e Desenvolvemento do Convenio de Albufeira, sobre a proposta conxunta formulada polos organismos de bacía español (Confederación Hidrográfica do Douro) e portugués (Administración da Rexión Hidrográfica Norte, I.P.) do Douro.
4. Igualmente, requirirase o informe previo favorable da Comisión para a Aplicación e Desenvolvemento do Convenio de Albufeira para modificar a

fixación da posición dos puntos de orixe ou final das masas de auga españolas tanxentes á fronteira entre España e Portugal que teñan continuidade noutra masa de auga dentro do Estado veciño.

Artigo 9. *Tipoloxía das masas de auga naturais.*

1. De acordo coas variables definitorias recollidas no anexo II da Instrución de planificación hidrolóxica, aprobada pola Orde ministerial ARM/2656/2008, do 10 de setembro, as masas de auga da categoría *río natural* identificadas e delimitadas no Plan hidrolóxico quedan adscritas, segundo queda documentado no sistema de información Mírame, a un dos seguintes tipos:

N.º do tipo	Nome do tipo
3	Ríos das penechairs silíceas da meseta norte
4	Ríos mineralizados da meseta norte
11	Ríos de montaña mediterránea silícea
12	Ríos de montaña mediterránea calcaria
15	Eixes mediterráneo-continentais pouco mineralizados
16	Eixes mediterráneo-continentais mineralizados
17	Grandes eixes en ambiente mediterráneo
25	Ríos de montaña húmida silícea
26	Ríos de montaña húmida calcaria
27	Ríos de alta montaña

2. De igual xeito, de acordo coas variables definitorias recollidas no anexo II da Instrución de planificación hidrolóxica, as masas de auga da categoría *lago natural* identificadas e delimitadas no Plan hidrolóxico quedan adscritas, segundo queda documentado no sistema de información Mírame, a un dos seguintes tipos:

N.º do tipo	Nome do tipo
1	Alta montaña setentrional, profundo, augas ácidas
3	Alta montaña setentrional, pouco profundo, augas ácidas
6	Media montaña, profundo, augas ácidas
19	Interior en bacía de sedimentación, mineralización media, temporal
21	Interior en bacía de sedimentación, mineralización alta ou moi alta, temporal
24	Interior en bacía de sedimentación, de orixe fluvial, tipo chaira de inundación, mineralización media ou baixa

Artigo 10. *Tipoloxía das masas de auga moi modificadas.*

1. Co obxecto de poder valorar o seu potencial ecolóxico, as masas de auga moi modificadas identificadas e delimitadas no Plan hidrolóxico asígnanse a unha determinada tipoloxía de acordo coa súa natureza lótica (asimilable a río)

ou léntica (asimilable a lago ou encoro), segundo queda documentado no sistema de información Mírame.

2. Segundo as tipoloxías definidas na táboa 5 da Instrución de planificación hidrolóxica e as variables definitorias recollidas no anexo II da dita instrución, as 42 masas de auga catalogadas como ríos moi modificados transformados en encoros (ríos lénticos) identificadas e delimitadas no presente plan hidrolóxico asígnanse a un dos seguintes tipos:

N.º do tipo	Nome do tipo
1	Monomíctico, silíceo de zonas húmidas, con temperatura media anual menor de 15 °C, pertencentes a ríos de cabeceira e tramos altos
3	Monomíctico, silíceo de zonas húmidas, pertencentes a ríos da rede principal
7	Monomíctico, calcario de zonas húmidas, con temperatura media anual menor de 15 °C, pertencentes a ríos de cabeceira e tramos altos
11	Monomíctico, calcario de zonas non húmidas, pertencentes a ríos da rede principal
12	Monomíctico, calcario de zonas non húmidas, pertencentes a tramos baixos de eixes principais
13	Dimíctico

3. Para as 38 masas de auga catalogadas como ríos moi modificados que conservan a condición de ríos lóticos aplícanse as mesmas tipoloxías que para os ríos naturais.

4. Para as 2 masas de auga catalogadas como lagos moi modificados aplícanse as mesmas tipoloxías que para os ríos lénticos, transformados en encoros.

Artigo 11. *Tipoloxía das masas de auga artificiais.*

Co obxecto de poder valorar o seu potencial ecolóxico, as masas de auga artificiais asígnanse a unha determinada tipoloxía de acordo coa súa natureza lótica ou léntica, segundo está documentado no sistema de información Mírame. Utilízanse como referencia para a asignación as mesmas tipoloxías que as definidas para os ríos naturais lóticos e moi modificados lénticos citadas anteriormente.

Artigo 12. *Condicións de referencia e límites de cambio de clase.*

As condicións de referencia e os límites de cambio de clase de estado ou potencial para os indicadores que se deben utilizar para a valoración do estado ou potencial en que se encontren as masas de auga detállanse nos anexos 2.8 a 2.32, todo iso sen prexuízo de que poidan ser actualizadas ou completadas con novas métricas adicionais nos termos previstos regulamentariamente e da aplicación doutras normas de calidade formalmente establecidas.

SECCIÓN SEGUNDA Masas de auga subterránea

Artigo 13. *Identificación e delimitación de masas de auga subterránea.*

1. De acordo co artigo 9 do Regulamento da planificación hidrolóxica, o Plan hidrolóxico identifica e delimita 64 masas de auga subterránea na bacía española do Douro, que se relacionan no anexo 2.33. As ditas masas de auga subterránea organízanse en dous horizontes ou niveis superpostos, un superior, con 12 masas, e outro xeral ou inferior, con 52 masas.

2. Os datos xeométricos das entidades xeoespaciais que delimitan as masas de auga subterránea da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro, así como os datos referidos á súa caracterización inicial e adicional, encóntranse almacenados e dispoñibles no sistema de información Mírame, onde cada masa se identifica mediante un código propio.

3. A identificación e delimitación das masas de auga subterránea de carácter transfronteirizo será o resultado da proposta conxunta formulada pola Confederación Hidrográfica do Douro e a Administración Portuguesa da Rexión Hidrográfica Norte, I.P., que, tras emitir informe favorable a Comisión para a Aplicación e Desenvolvemento do Convenio de Albufeira, será incorporada no Plan na revisión que corresponda.

Artigo 14. *Valores limiar en masas de auga subterránea.*

Os valores limiar adoptados no Plan hidrolóxico respecto aos contaminantes que se van utilizar para a valoración do estado químico das masas de auga subterránea da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro foron calculados atendendo ao establecido no artigo 3 do Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración, e son os que se indican no anexo 2.34.

CAPÍTULO TERCEIRO Consecución dos obxectivos ambientais

SECCIÓN PRIMEIRA Obxectivos ambientais

Artigo 15. *Obxectivos ambientais xerais no horizonte 2015.*

1. De conformidade coa disposición adicional décimo primeira do texto refundido da Lei de augas, as diferentes masas de auga da bacía española do Douro deben alcanzar o bo estado para o 31 de decembro de 2015, sen prexuízo das excepcións que se concretan nos seguintes artigos, conforme o artigo 92 bis 3 do citado texto refundido da Lei de augas. Deste modo, o obxectivo xeral de bo estado das masas de auga alcanzase segundo o Plan hidrolóxico en 274 masas da categoría *río*, 19 masas da categoría *lago* e 47 masas de auga subterránea.

2. No caso das zonas protexidas para captación de auga para consumo humano e as zonas de protección para a vida dos peixes a que se refire o artigo 92 bis c) do texto refundido da Lei de augas, os obxectivos ambientais particulares que deberán cumprir adicionalmente son os obxectivos de calidade de auga prepotable (A1, A2 e A3) e piscícola (S e C), respectivamente, recollidos nos anexos 1 e 3 do Regulamento da Administración pública da auga e da planificación hidrolóxica, que desenvolve os títulos II e III da Lei de augas, aprobado polo Real decreto 927/1988, do 29 de xullo.

Artigo 16. Obxectivos ambientais e prórrogas no horizonte 2021.

1. De acordo co artigo 36 b) do Regulamento da planificación hidrolóxica, e de conformidade coa xustificación realizada ao abeiro do citado precepto no número 3.3 do anexo 8 da memoria, o Plan hidrolóxico prorroga para 6 masas de auga da categoría *río* o cumprimento do obxectivo de bo estado ata o horizonte temporal de 2021.

2. Os obxectivos ambientais fixados para estas masas de auga concréntanse no anexo 3.1, a través do valor que se pretende alcanzar en diversos indicadores relevantes nos horizontes temporais de 2015 e 2021.

Artigo 17. Obxectivos ambientais e prórrogas no horizonte 2027.

1. De acordo co artigo 36 b) do Regulamento da planificación hidrolóxica, e de conformidade coa xustificación realizada ao abeiro do citado precepto no número 3.3 do anexo 8 da memoria, o Plan hidrolóxico prorroga para 328 masas de auga superficial, 298 da categoría *río natural*, 27 da categoría *río moi modificado* (lótico) e 3 masas de auga artificial asimilables a lago, e para 3 masas de auga subterránea, o cumprimento do obxectivo de bo estado ata o horizonte temporal de 2027.

2. A relación destas masas de auga inclúese no anexo 3.2 desta normativa para as masas de auga superficial e no anexo 3.3 para as masas de auga subterránea.

Artigo 18. Obxectivos ambientais menos rigorosos.

1. De acordo co artigo 37 do Regulamento da planificación hidrolóxica, o Plan hidrolóxico sinala obxectivos ambientais menos rigorosos para 83 masas de auga superficial e 14 masas de auga subterránea.

2. A relación destas masas de auga indícase no anexo 3.4 para as masas de auga superficial e no anexo 3.5 para as masas de auga subterránea.

3. Os obxectivos ambientais menos rigorosos que se establecen como consecuencia de non dispor de capacidade investidora suficiente para o cumprimento dos obxectivos xerais antes de final do ano 2027 fíxanse sen prexuízo da súa futura revisión, de forma que non se renuncia a que os

obxectivos xerais sobre o estado das masas de auga poidan ser alcanzados en horizontes temporais posteriores ao deste plan, segundo se concrete nas súas sucesivas revisións.

Artigo 19. Accións en masas de auga con poucas posibilidades de alcanzar os obxectivos.

Nas masas de auga identificadas no artigo anterior levaranse a cabo as accións que posibiliten a consecución dos parámetros relacionados nos anexos 3.1 a 3.5.

SECCIÓN SEGUNDA Deterioración temporal

Artigo 20. Deterioración temporal do estado das masas de auga.

1. De acordo co artigo 38 do Regulamento da planificación hidrolóxica só se admitirá a deterioración temporal do estado das masas de auga se esta deterioración se debe a causas naturais ou de forza maior que sexan excepcionais ou non se puidesen prever razoablemente.

2. Para os efectos previstos no número anterior, as deterioracións temporais deberán aplicarse a escala de masa ou conxunto de masas de auga.

3. Os causantes da deterioración temporal ou calquera persoa ou entidade responsable da xestión das masas de auga afectadas estarán obrigados a cumprir a ficha que se recolle no anexo 3.6, nos termos previstos neste artigo.

4. A Confederación Hidrográfica do Douro levará un rexistro das deterioracións temporais que teñan lugar durante o período de vixencia do Plan hidrolóxico. O rexistro estará formado polas fichas cubertas que describan e xustifiquen cada un dos supostos de deterioración temporal, con indicación das medidas tomadas tanto para a súa reparación como para prever que a dita deterioración se poida volver producir no futuro.

5. O presidente da Confederación Hidrográfica do Douro aprobará un protocolo de actuación ante situacións que poidan causar unha deterioración temporal das masas de auga.

Artigo 21. Deterioración temporal das masas de auga en situación de seca.

O estado ou potencial das masas de auga previsto no Plan hidrolóxico pode deteriorarse temporalmente naquelas masas de auga superficial afectadas por seca prolongada. Para estes exclusivos efectos entenderase como seca prolongada a correspondente ao estado de emerxencia diagnosticado, para a subzona en que se encontre o curso de auga afectado, mediante o sistema obxectivo de indicadores definido no Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca na bacía española do Douro, aprobado pola Orde

MAM/698/2007, do 21 de marzo, e actualizado polo anexo 13 da memoria deste plan conforme o artigo 105.

Artigo 22. Deterioración temporal das masas de auga por inundación.

O estado ou potencial das masas de auga previsto no Plan hidrolóxico pode deteriorarse temporalmente naquelas masas de auga superficial afectadas por graves inundacións, entendendo como tales para este propósito exclusivo aquelas que superen a zona de fluxo preferente, de acordo coa definición que para ela establece o artigo 3 do Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.

Artigo 23. Deterioración temporal das masas de auga por accidentes.

O estado ou potencial das masas de auga previsto no Plan hidrolóxico pode deteriorarse temporalmente naquelas masas de auga superficial afectadas por accidentes ou outros sucesos que non se puideren prever razoablemente, tales como verteduras accidentais ocasionais, fallos nos sistemas de almacenamento de residuos, incendios en industrias ou accidentes no transporte. Así mesmo, consideraranse como accidentes as circunstancias derivadas dos incendios forestais.

Consideraranse accidentes os desbordamentos dos sistemas de saneamento en episodios de chuvia, se se deben a causas naturais ou de forza maior ou ao resultado de circunstancias derivadas de accidentes, que sexan excepcionais ou que non se puideren prever razoablemente, tendo en conta os criterios establecidos nas normas técnicas a que fan referencia os artigos 82, 83 e 84, que, de ser o caso, sexan exixibles.

En tales casos, o titular da autorización informará inmediatamente o organismo de bacía, especificando as causas, potenciais danos e medidas adoptadas para minimizar os efectos.

SECCIÓN TERCEIRA

Condicións para novas modificacións ou alteracións

Artigo 24. Condicións para as novas modificacións ou alteracións.

Calquera nova modificación ou alteración non incluída expresamente no programa de medidas previsto no anexo 12 da memoria do Plan requirirá a súa valoración individualizada de conformidade co artigo 25 e, cando corresponda, o seu sometemento á avaliación de impacto ambiental; deberá verificarse adicionalmente que se cumpren as condicións sinaladas no artigo 39.2 do Regulamento da planificación hidrolóxica, para o cal se consignará a información recollida na ficha que se achega como anexo 3.7.

Artigo 25. Informe previo de valoración.

1. Calquera actuación que poida ter, directa ou indirectamente, algún efecto sobre o estado das masas de auga da bacía española do Douro, modificando

as características físicas dunha masa de auga superficial, alterando o nivel dunha masa de auga subterránea ou realizando calquera actividade que provoque, directa ou indirectamente, a deterioración adicional do estado ou potencial dunha masa de auga, e poña con iso en risco o cumprimento dos obxectivos ambientais fixados neste plan hidrolóxico, deberá contar cun informe previo de valoración que acredite o cumprimento das condicións exixidas no artigo 39 do Regulamento da planificación hidrolóxica.

2. O informe previo de valoración emitirao a Confederación Hidrográfica do Douro sen prexuízo de que, cando corresponda, a nova modificación ou alteración se deba someter á avaliación de impacto ambiental.

CAPÍTULO CUARTO **Atención das necesidades de auga**

SECCIÓN PRIMEIRA **Réximes de caudais ecolóxicos**

Artigo 26. Réximes de caudais ecolóxicos.

1. Conforme o regulado nos artigos 42 e 59 do texto refundido da Lei de augas, o Plan hidrolóxico establece os réximes de caudais ecolóxicos da bacía española do Douro, entendendo como tales os que manteñen como mínimo a vida piscícola que de xeito natural habitaría ou podería habitar no río, así como a súa vexetación de ribeira, contribuíndo a alcanzar o bo estado ou potencial ecolóxico.

2. Os caudais ecolóxicos fixados no Plan hidrolóxico sono para situacións hidrolóxicas ordinarias e para situacións de seca prolongada. Considerarase que unha determinada subzona ou un determinado sistema de explotación se encontra na situación de seca prolongada, caso en que será aplicable o réxime de caudais ecolóxicos establecido para tal circunstancia, cando conforme o sinalado polo sistema de indicadores definido no Plan especial de secas da bacía española do Douro, actualizado conforme o establecido no artigo 105, se manteña a situación de alerta ou de emerxencia. En calquera caso, o réxime de caudais ecolóxicos asociado a situacións de seca prolongada non será de aplicación nos tramos de leito incluídos en zonas da Rede Natura 2000.

3. Os réximes de caudais ecolóxicos fixados neste plan hidrolóxico constitúen, de acordo co establecido nos artigos 59.7 e 98 do texto refundido da Lei de augas e 26 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, unha restrición que debe ser respectada por todos os aproveitamentos de auga que operan con carácter preferente sobre os usos previstos nos sistemas de explotación, sen prexuízo do uso para abastecemento de poboacións, cando non exista unha alternativa de subministración viable que permita a súa correcta atención. Por conseguinte, tanto a captación directa de auga superficial fluente polo leito como a captación de augas superficiais ou subterráneas a través de pozo ou dispositivos semellantes que detraian auga

das inmediacións do leito afectando significativamente o caudal circulante, quedan obrigadas a respectar o réxime de caudais ecolóxicos.

4. De acordo co establecido no artigo 26 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, a inexistencia de obriga expresa en relación co mantemento dos réximes de caudais ecolóxicos nas autorizacións e concesións outorgadas pola Administración hidráulica, entendendo como tal a simple cláusula que impón o seu mantemento aínda que non precise cifras, non exonerará o concesionario do cumprimento das obrigas xerais que, respecto a tales caudais, quedan establecidas neste plan hidrolóxico.

5. Considérase que calquera captación situada na zona de policía desde a que se extraia auga durante máis de 50 días ao ano afecta significativamente o caudal ecolóxico circulante polo leito. Esta regulación xeral establécese sen prexuízo de que estudos específicos poidan pór de manifesto a existencia doutros casos particulares.

6. En ríos non regulados, é dicir, naqueles leitos que non contén con reservas artificiais de auga almacenadas no propio eixe fluvial, a exixencia dos réximes de caudais ecolóxicos quedará limitada a aqueles momentos en que a dispoñibilidade natural o permita. Se a dispoñibilidade natural non permite alcanzar os réximes de caudais ecolóxicos establecidos, prohibirase levar a cabo derivacións de caudal desde tomas directas (en pozas ou azudes de retención) dos leitos afectados e desde calquera captación, incluída a do número 5, sen prexuízo do establecido no número 3 para o caso do abastecemento de poboacións.

7. A detracción de caudais en tomas directas de ríos ou regatos, ou en pozos situados na súa zona de policía, non poderá superar o 50 % do caudal circulante polo leito no punto de toma, sen que en ningún caso se poida deixar seco o leito.

8. A Confederación Hidrográfica do Douro realizará estudos de comprobación e verificación da dispoñibilidade de hábitat cos réximes de caudais ecolóxicos establecidos neste plan hidrolóxico, co obxecto de que poidan ser obxectivamente axustados na primeira revisión do Plan hidrolóxico.

Artigo 27. Caudais ecolóxicos de desaugamento de encoros

1. Conforme os estudos realizados e o proceso de concertación levado a cabo previamente á aprobación do Plan hidrolóxico, adóptase o réxime mensual de caudais ecolóxicos de desaugamento de encoros en condicións ordinarias e de seca prolongada que figura no anexo 4.1, sen prexuízo do período transitorio previsto no número 5.

2. O réxime de caudais ecolóxicos deberá ser respectado en todo momento, sempre que sexa tecnicamente posible pola dispoñibilidade de auga encorada, que se valorará considerando a reserva preferente que se poida ter establecido para atender abastecementos urbanos que non dispoñan doutra fonte alternativa de subministración.

3. Os caudais desencorados deberán ofrecer unhas condicións de calidade e, en especial, de oxixenación, que non poñan en risco os obxectivos ambientais da masa de auga superficial situada inmediatamente augas abaixo da presa que os libera.

4. A Comisión de Desaugamento de Encoros, de acordo co establecido no artigo 33 do texto refundido da Lei de augas, poderá formular propostas sobre enchedura e baleiramento dos encoros e acuíferos da bacía ao presidente da Confederación Hidrográfica do Douro, quen poderá aceptalas sempre e cando respecten o réxime de caudais ecolóxicos establecido.

5. Para aqueles casos en que os elementos de desaugamento das presas e instalacións complementarias non permitan, coas debidas precaucións e garantías de seguridade, liberar os réximes de caudais ecolóxicos, establécese o seguinte prazo transitorio para a súa adecuación e, así, satisfacer o réxime de caudais ecolóxicos:

- a) Para as presas de titularidade estatal disporán de tres anos, contados desde a entrada en vigor do Plan hidrolóxico, para levar a cabo as requiridas modificacións, prazo que se poderá ampliar se, xustificadamente, a entidade das modificacións impide levalas a cabo nese prazo.
- b) Para o resto de presas que o requiran, disporase dun ano, contado desde a entrada en vigor do Plan hidrolóxico, para que o titular da infraestrutura presente a documentación técnica descritiva da solución que lle propón para a súa aprobación á Confederación Hidrográfica do Douro, quen na súa autorización fixará o prazo máximo en que as obras deberán entrar en servizo, sen que este poida ser superior a cinco anos. As excepcións ao dito prazo xeral deberán ser especialmente xustificadas e deberán ser sometidas a informe previo do Consello da Auga da Demarcación.

O custo destas obras correrá por conta do titular da presa, sen prexuízo de que se poida repercutir aos beneficiarios da citada infraestrutura hidráulica na forma que corresponda.

Artigo 28. *Concertación dos réximes de caudais ecolóxicos.*

1. Conforme o artigo 18.3 do Regulamento da planificación hidrolóxica, antes da implantación efectiva dos réximes de caudais ecolóxicos que se establecen nos artigos 29 e 30 desenvolverase un proceso de concertación que abrangue os niveis de información, consulta pública e participación activa.

2. O proceso de concertación desenvolverase de forma independente para cada un dos sistemas de explotación definidos no artigo 36, cos axentes que, garantindo a representación dos diversos grupos de interese, identifique a Comisión de Planificación Hidrolóxica e Participación Cidadá do Consello da Auga da Demarcación.

3. Os réximes de caudais ecolóxicos establecidos nos artigos 29 e 30 deben entenderse como a proposta inicial que a Confederación Hidrográfica do Douro ofrece ao proceso de concertación, sen prexuízo da súa aplicación restrinxida para as finalidades e cos efectos que en cada caso quedan indicados nos mencionados artigos.

Artigo 29. Caudais ecolóxicos en puntos de control relevantes.

1. O Plan hidrolóxico establece o réxime de caudais ecolóxicos en puntos de control relevantes en condicións ordinarias e de seca prolongada que figuran no anexo 4.2.

2. O réxime de caudais ecolóxicos fixado neste artigo será obxecto dun seguimento continuado, dirixido tanto a asegurar a idoneidade dos datos recollidos no mencionado anexo 4.2 como a identificar as razóns dos distintos incumprimentos que, se é o caso, se poidan rexistrar e que deberán ser solucionados antes da revisión ordinaria do Plan.

3. O cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos en puntos de control relevantes será indicativo desde o momento de entrada en vigor do Plan hidrolóxico, e exixible tras a súa concertación e implantación, que deberá ter concluído antes do 31 de decembro do 2015, sen prexuízo do seu establecemento con anterioridade á dita data.

Artigo 30. Caudais ecolóxicos en masas de auga da categoría río.

1. Para as masas de auga da categoría *río* fíxanse os réximes mensuais de caudais ecolóxicos que figuran no anexo 4.3, tanto para a situación hidrolóxica ordinaria como para secas prolongadas. Estes caudais deberán circular polo extremo de augas abaixo da masa de auga superficial considerada.

2. Os réximes citados completan os establecidos nos artigos 27 e 29, e constitúen datos complementarios para aqueles puntos onde os mencionados artigos non concretan o réxime de caudais ecolóxicos que se deben considerar.

3. Estes réximes deberán ser aplicados polos usuarios titulares das distintas tomas de auga, de modo que as derivacións de caudal estarán sempre limitadas por esta restrición aínda que iso poida supor a imposibilidade de realizar o aproveitamento en determinados momentos de acordo co establecido na súa concesión.

4. En condicións de seca prolongada o caudal ecolóxico exixible será o 50 % do indicado como normal no anexo 4.3, sempre que na masa de auga non se inclúa especificamente un réxime de caudal ecolóxico particular para a situación de seca da masa de auga de que se trate. Esta redución por seca non resulta aplicable cando afecte tramos de leito incluídos en zonas da Rede Natura 2000.

5. O cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos nas masas de auga da categoría *río* será exixido en todas as concesións que se outorguen con

posterioridade á entrada en vigor do Plan hidrolóxico, así como ás concesións que inclúen esta previsión nas súas cláusulas. Ao resto de concesións o réxime de caudais ecolóxicos seralles exixible tras a súa concertación e implantación, que deberá ter concluído antes do 31 de decembro de 2015, sen prexuízo do seu establecemento con anterioridade á dita data.

Artigo 31. Caudais máximos, caudais de enchente, caudais de estiaxe extrema e taxas de cambio.

1. Antes do 31 de decembro de 2015 teranse determinado os caudais máximos e as taxas de cambio pertinentes para completar a definición dos réximes de caudais ecolóxicos que se recollen neste plan co obxecto da súa actualización na seguinte revisión.

2. Co obxecto de controlar a presenza e abundancia das diferentes especies, manter as condicións fisicoquímicas da auga e do sedimento, mellorar as condicións e dispoñibilidade do hábitat a través da dinámica xeomorfolóxica e favorecer outros procesos hidrolóxicos naturais, a Confederación Hidrográfica do Douro estudará aqueles tramos que, en atención aos problemas sinalados, deban artificialmente ser controlados mediante caudais de enchente. A existencia destes requirirá a súa concertación e a súa incorporación previa ao Plan hidrolóxico.

3. Co obxecto de favorecer a conservación das especies autóctonas fronte a outros competidores exóticos, reproducindo o réxime de secas extremas a que puideron estar sometidas determinadas masas de auga en condicións naturais, poderanse incorporar á definición do réxime de caudais ecolóxicos dunha masa de auga episodios de redución extrema. Estes episodios deberían xerarse cando a subzona correspondente se encontre en situación de emerxencia, conforme o sistema de indicadores de seca definido co Plan especial do Douro. Para a súa definición será preciso abordar estudos específicos. A existencia destes requirirá a súa concertación e a súa incorporación previa ao Plan hidrolóxico de bacía.

Artigo 32. Control e seguimento do réxime de caudais ecolóxicos.

1. O réxime de caudais ecolóxicos controlarao a Confederación Hidrográfica do Douro nas estacións de control pertencentes á Rede Oficial de Estacións de Medición de Caudal que reúnan condicións adecuadas para este fin.

2. O organismo de bacía poderá valorar o cumprimento dos réximes de caudais ecolóxicos mediante campañas de medición de caudal específicas ou outros procedementos, tales como, entre outros posibles, dispositivos de control impostos aos concesionarios.

Artigo 33. Cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos.

Entenderase que non se cumpre o réxime de caudais ecolóxicos establecido neste plan nalgún dos seguintes supostos:

- a) Que durante máis de 24 horas nun mes se incumpran as condicións mínimas ou máximas de desaugamento de encoros establecidas.
- b) Que en máis de 3 episodios instantáneos nun mes se incumpran as condicións mínimas ou máximas establecidas.
- c) Que as taxas máximas de cambio se superen en máis de 3 ocasións nun mes.

SECCIÓN SEGUNDA

Usos da auga

Artigo 34. *Usos da auga.*

1. Para os efectos do estipulado no artigo 12 do Regulamento de planificación hidrolóxica, e seguindo a clasificación prevista no artigo 60.3 do texto refundido da Lei de augas, considérase a existencia dos usos da auga que se relacionan no seguinte cadro:

Artigo 60.3 do texto refundido da Lei de augas	Plan hidrolóxico
Abastecemento de poboación	Abastecemento a núcleos urbanos
	Outros abastecementos fóra dos núcleos urbanos
Regadío e usos agrarios	Regadío
	Gandaría
Usos industriais para produción de enerxía eléctrica	Industrias de produción de enerxía
Outros usos industriais non incluídos nos puntos anteriores	Industrias produtoras de bens de consumo
	Industrias do lecer e do turismo
	Industrias extractivas
	Produción de forza motriz
Acuicultura	Acuicultura
Usos recreativos	Usos recreativos
Navegación e transporte acuático	Navegación e transporte acuático
Outros aproveitamentos	De carácter público
	De carácter privado

2. Enténdese como uso destinado ao abastecemento a núcleos urbanos o que ten como finalidade prestar esta clase de servizos. Inclúe o abastecemento a núcleos urbanos consolidados, identificados como tales cun código de núcleo urbano polo Instituto Nacional de Estatística e, diferenciadamente, o uso destinado a atender as necesidades de abastecemento de novos desenvolvementos urbanísticos, e o de urbanizacións ligadas ao núcleo urbano. Este uso inclúe conxuntamente todas as necesidades que se prestan nas poboacións que poidan ser atendidas co rango de dotacións previsto no artigo 49, entre as cales se encontran, xunto ás estritas necesidades de consumo humano, as dos servizos comúns de bombeiros, parques e zonas axardinadas e recreativas do núcleo urbano, servizos de limpeza, gandaría anexa, industria anexa e os destinados a atender servizos de calefacción ou

refrixeración en instalacións situadas dentro do ámbito dos núcleos urbanos. Todo iso sen menoscabo de que poidan existir redes separadas para atender distintos tipos de servizos dentro do uso de abastecemento ao núcleo urbano, diferenciando o que ten como finalidade exclusiva atender a subministración humana do que ten outras finalidades distintas.

En todo caso, os usos descritos no parágrafo anterior deberán ter sido planificados conforme o artigo 15.3.a) do texto refundido da Lei do solo, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, e o artigo 25.4 do texto refundido da Lei de augas, que exixen o informe previo do organismo de bacía relativo ao réxime e aproveitamento das augas continentais e aos usos permitidos en terreos de dominio público hidráulico e nas súas zonas de servidume e policía.

3. Enténdese como uso destinado a outros abastecementos fóra dos núcleos urbanos o que ten como finalidade prestar esta clase de servizos en cámpings e instalacións illadas fóra do ámbito urbano, tales como urbanizacións, vivendas, colexios, hoteis, hospitais, residencias de anciáns, recintos feirais, centros penitenciarios e centros comerciais, restaurantes illados non asociados con actividades de tipo recreativo ou de industrias do lecer e do turismo, e os usos destinados a atender servizos de calefacción ou refrixeración nestes casos fóra do ámbito dos núcleos urbanos.

4. Enténdese como uso destinado ao regadío o que ten como propósito final favorecer a produción agraria, tanto de cultivos herbáceos como leñosos, o sustento de plantacións forestais e o desenvolvemento de alcouves e viveiros, sen prexuízo do indicado no número 7 referido a viveiros industriais. Nel consideraranse incluídas todas as necesidades hídricas dos cultivos, incluíndo a rega antixeada.

5. Enténdese como uso destinado á atención da gandaría o requirido para atender as necesidades de auga do gando, diferenciando o estabulado do non estabulado. No caso do gando estabulado considérase exclusivamente o que non sexa atendido polas redes municipais nin se encontre radicado en núcleos urbanos.

6. Enténdese como uso destinado á atención de industrias produtoras de enerxía o que ten como finalidade a produción hidroeléctrica mediante centrais fluentes, de regulación ou de bombeo, ou a refrixeración de centrais térmicas renovables (termosolares e biomasa) e non renovables, sexa cal for o combustible (nucleares, carbón, fuel, gas e ciclos combinados).

7. Enténdese como uso destinado á subministración de industrias produtoras de bens de consumo o que ten como finalidade prestar esta clase de servizos en instalacións industriais illadas ou en polígonos industriais, non incluíndo entre a finalidade da produción industrial a xeración de enerxía para a súa incorporación na rede eléctrica. Inclúese neste uso o aproveitamento de augas naturais e minerais, tratadas ou non, para o seu envasamento e comercialización con destino ao consumo humano, así como o

desenvolvemento de plantacións non vinculadas a un uso do solo como regadío (viveiros industriais).

8. Enténdese como uso destinado á atención de industrias do lecer e do turismo o que ten como finalidade posibilitar esta actividade comercial en instalacións deportivas (campos de golf, pistas de esquí, parques acuáticos, complexos deportivos e asimilables), picadeiros, gardarías caninas e asimilables. Tamén se inclúen os que teñen como finalidade o mantemento ou rehabilitación de instalacións culturais: ferrarías, fontes, serradoiros, lavadoiros, máquinas, complexos culturais históricos e outros deste tipo que non poidan ser atendidos polas redes urbanas correspondentes. Por último, considéranse incluídos neste uso os aproveitamentos de augas minerais e termais, ou de augas sen esta cualificación, en industrias con fins balnearios.

9. Enténdese como uso destinado á atención de industrias extractivas o dedicado á subministración de industrias mineiras e de extracción de areas. Inclúe todos os usos da auga requiridos no proceso de beneficio, refinación e lavado do produto mineiro, dos estériles e das areas ata a saída da planta.

10. Enténdese como uso destinado á produción de forza motriz o que require derivar auga do medio natural coa finalidade de transformar a súa enerxía potencial en forza motriz para o movemento directo de máquinas integradas nun proceso industrial propiamente produtivo, diferenciándoo así das instalacións industriais de tipo cultural recollidas no número 8.

11. Enténdese como uso destinado á acuicultura o que ten como finalidade cubrir as necesidades de auga precisas para a produción piscícola en instalacións preparadas para tal efecto, xa sexa con fins de repoboación, para a produción de alimentos ou pensos, ou para producir peixes ornamentais. Tamén se inclúe neste uso a atención de astacifactorías e doutros tipos de instalacións para a produción de animais e vexetais acuáticos asimilables (ras, caracois...). Non se inclúe a atención de instalacións para a pesca, que quedarían adscritas baixo o concepto de industrias do lecer e do turismo.

12. Enténdese como uso recreativo o que, non estando incluído no número 8 (atención de industrias do lecer e do turismo), ten un carácter recreativo privado ou colectivo sen que exista actividade industrial ou comercial. Teñen cabida neste concepto:

- a) As actividades de lecer que usan a auga en encoros, ríos e lugares naturais dun modo non consuntivo, como os deportes acuáticos en augas tranquilas (vela, windsurf, remo, piragüismo, navegación a motor, esquí acuático, etc.) ou bravas (piragüismo, rafting, etc.), o baño e a pesca deportiva.
- b) As actividades de lecer relacionadas coa auga dun modo indirecto, que a utilizan como centro de atracción ou punto de referencia para actividades como acampadas, sendeirismo, excursións, ornitloxía (*birdwatching*), caza e todas aquelas outras actividades turísticas ou recreativas que se efectúan preto de superficies e cursos de auga.

13. Enténdese como uso destinado á navegación e transporte acuático o uso da auga con este fin cando comporte ou precise unha modificación ou condicionado do réxime real de achegas ou de explotación dos encoros. Inclúe a subministración de canles artificiais ou naturais para o rafting, piragüismo ou calquera outro tipo de navegación ou flotación, así como a que comporte o transporte de persoas ou mercadorías.

14. Enténdense como outros aproveitamentos, de carácter público ou privado, os que non están directa ou indirectamente incluídos nos números anteriores nin resultan asimilables a estes. Entre eles considéranse especificamente os seguintes:

- a) Outros aproveitamentos ambientais, entre os cales se inclúen a subministración de instalacións illadas para a loita contra incendios, atención de bebedoiros para a fauna silvestre incluíndo a presente en coutos e vedados, recarga artificial dos acuíferos para recuperar o bo estado e a atención de zonas húmidas intervidas que non poden ser atendidas mediante as restricións ambientais que impón o réxime de caudais ecolóxicos.
- b) Outros aproveitamentos non ambientais, entre os cales se inclúe o resto doutros usos, como a rega con fins recreativos ou lúdicos de xardíns ou hortas.

Artigo 35. *Prioridade e compatibilidade de usos.*

1. Conforme o disposto no artigo 60 do texto refundido da Lei de augas, establécese a seguinte orde xeral de preferencia entre os diferentes usos da auga previstos no Plan, común para todos os sistemas de explotación da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro:

- 1.º Abastecemento de poboación.
- 2.º Usos industriais sempre que o consumo neto para usos industriais na área en que se encontre o aproveitamento non supere o 5 % da demanda total para regadíos na dita área. No caso contrario, os ditos usos industriais situaranse no posto n.º 5.
- 3.º Regadíos e usos agrarios.
- 4.º Usos industriais para produción de enerxía eléctrica.
- 5.º Outros usos industriais non incluídos nos puntos anteriores.
- 6.º Acuicultura.
- 7.º Usos recreativos.
- 8.º Navegación e transporte acuático.
- 9.º Outros aproveitamentos.

2. Nos abastecementos de núcleos urbanos terán preferencia os que estean referidos a mancomunidades, consorcios ou sistemas integrados de municipios sobre os sistemas individuais ou illados.

3. Os aproveitamentos clasificados como outros aproveitamentos ambientais descritos no artigo 34.14.a) que sexan aplicables en virtude da lexislación de incendios forestais, protección civil, especies protexidas ou conservación de

zonas húmidas terán carácter prioritario respecto do resto de usos, con excepción do abastecemento de poboación.

4. Con independencia da orde de preferencia de usos definida anteriormente, dentro de cada clase de uso darase prioridade ás actuacións que se orienten:

- a) A unha política de aforro da auga, de mellora da calidade dos recursos e de alcance dos obxectivos ambientais.
- b) Á conservación do estado dos acuíferos e á explotación racional dos seus recursos.
- c) Á explotación conxunta e coordinada de todos os recursos dispoñibles, incluíndo a reutilización e as posibilidades de recarga artificial.
- d) A proxectos de carácter estratéxico, comunitario ou cooperativo, fronte a iniciativas individuais.
- e) A aproveitar o recurso no propio sistema de explotación xerador fronte a aquelas outras opcións que supoñan o transvasamento a outros sistemas de explotación.

5. De conformidade cos artigos 94 do Regulamento do dominio público hidráulico e 17.3 do Regulamento da planificación hidrolóxica, considérase implícita a declaración de utilidade pública nas concesións para abastecemento de núcleos urbanos para os efectos da expropiación forzosa do resto de aproveitamentos determinados no número 1.

SECCIÓN TERCEIRA Asignación e reserva de recursos

Artigo 36. Definición dos sistemas de explotación.

1. De conformidade co establecido no artigo 19 do Regulamento da planificación hidrolóxica, este plan hidrolóxico define os sistemas de explotación en que funcionalmente se divide o territorio da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro.

Cada sistema de explotación está constituído por masas de auga superficial e subterránea, obras e instalacións de infraestrutura hidráulica, normas de utilización da auga derivadas das características das demandas e regras de explotación que, aproveitando os recursos hídricos naturais e de acordo coa súa calidade, permitan establecer as subministracións de auga que configuran a oferta de recursos dispoñibles do sistema de explotación, cumprindo os obxectivos ambientais.

2. O ámbito territorial deste plan hidrolóxico divídese funcionalmente nos seguintes sistemas de explotación:

- a) Támega-Manzanas
- b) Tera
- c) Órbigo
- d) Esla
- e) Carrión
- f) Pisuerga

- g) Arlanza
- h) Alto Douro
- i) Riaza-Duratón
- j) Cega-Eresma-Adaja
- k) Baixo Douro
- l) Tormes
- m) Águeda

3. A delimitación e descrición precisa dos elementos que constitúen cada un dos sistemas de explotación parciais da bacía española do Douro, identificados no punto anterior, exponse no número 4.7 da Memoria do Plan hidrolóxico.

4. De conformidade co artigo 6 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, sen prexuízo dos sistemas de explotación parciais antes citados, defínese un sistema de explotación único da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro. A delimitación e descrición precisa do sistema de explotación único recóllese no número 4.7 da memoria do Plan hidrolóxico. O dito sistema de explotación único utilízase para estudar o comportamento global da parte española da bacía do Douro e, en particular, o cumprimento do réxime de caudais fixado no Convenio de Albufeira.

5. En aplicación do artigo 39 do Regulamento da Administración pública da auga, aprobado polo Real decreto 927/1998, do 29 de xullo, o presidente da Confederación Hidrográfica do Douro, oída a Xunta de Goberno, poderá dividir os sistemas de explotación en subsistemas parciais, segundo resulte conveniente para establecer os ámbitos das distintas xuntas de explotación. Así mesmo, promoverase a constitución de xuntas de explotación conxuntas de augas superficiais e subterráneas en todos os casos en que os aproveitamentos dunhas e doutras augas estean claramente interrelacionados.

Artigo 37. *Balances entre recursos e demandas.*

1. O balance, para cada un dos sistemas de explotación definidos no artigo 36.1, entre os recursos naturais e as demandas actuais e previsibles, recóllese no capítulo 4 da memoria e detállase no anexo 6 desta. Os ditos balances integran os recursos naturais que se describen no capítulo 2 da memoria, as demandas actuais e previsibles segundo se detallan no capítulo 3 da memoria, os réximes de caudais ecolóxicos de desaugamento de encoros establecidos, os distintos elementos naturais e artificiais que compoñen os sistemas de explotación e as regras de operación descritas en cada caso.

2. Os modelos de simulación preparados para a realización destes balances encóntranse á disposición pública na páxina web da Confederación Hidrográfica do Douro, e constitúen a referencia para valorar os escenarios formulados neste plan hidrolóxico, calcular as asignacións e as reservas. Serán igualmente os utilizados, coas pertinentes actualizacións, en caso de revisión do Plan hidrolóxico.

3. Co obxecto de dispor dunha sólida ferramenta de análise obxectiva das distintas alternativas sobre utilización da auga na parte española da bacía, a

Confederación Hidrográfica do Douro velará pola actualización e mellora continua dos modelos de simulación utilizados.

Artigo 38. Réxime de caudais establecido no Convenio de Albufeira.

1. O réxime de caudais que a parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro debe achegar no tramo internacional do Douro, establecido no artigo 3 do Protocolo adicional ao Convenio de Albufeira, adóptase como restrición previa para o cálculo das asignacións de recursos que establece o Plan hidrolóxico coas particularidades que se detallan nos puntos seguintes.

2. O réxime de caudais citado no punto anterior non é exixible nas situacións de excepción reguladas no artigo 3 do mencionado protocolo adicional, en referencia aos réximes anuais, trimestrais e semanais.

3. A saída da situación de excepción respecto á exixencia do réxime anual prodúcese, conforme o establecido no Protocolo adicional, a partir do primeiro mes seguinte a decembro no cal a precipitación de referencia acumulada na bacía desde o inicio do ano hidrolóxico sexa superior á precipitación media acumulada na bacía no mesmo período.

4. A saída da situación de excepción respecto á exixencia do réxime trimestral prodúcese coa finalización do trimestre.

5. A saída da situación de excepción respecto á saída do réxime semanal prodúcese cando a precipitación de referencia acumulada nun período de seis meses ata o día 1 do terceiro mes do trimestre sexa superior ao 65 % da precipitación media acumulada na bacía no mesmo período.

6. Nos períodos en que non circulen os caudais integrais semanais mencionados no punto 2 do segundo anexo ao Protocolo adicional, calquera derivación de caudal feita coa finalidade de obter enerxía hidroeléctrica mediante tomas situadas por debaixo do nivel superior do encoro de Ricobayo no río Esla e do encoro de Villalcampo no Douro ata o Douro portugués, e calquera retención de auga nos encoros do Douro internacional, deberá ser restituída semanalmente.

Artigo 39. Asignación de recursos.

1. O detalle das asignacións dos recursos dispoñibles para atender as demandas previsibles establecidas no horizonte temporal do ano 2015, para cada un dos sistemas de explotación, recóllese nos anexos 5.1 a 5.13. A citada asignación determina, para os efectos do artigo 91 do Regulamento do dominio público hidráulico, os caudais que se adscriben aos distintos aproveitamentos actuais e futuros nos distintos sistemas de explotación.

2. As asignacións de recursos hídricos subterráneos establecidas para as unidades de demanda agraria 2000176 e 2000181 (Tierra del Vino e Medina del Campo), no sistema de explotación Baixo Douro, para o cal se están a realizar estudos que exploran as posibilidades de reducir as demandas de

recursos subterráneos, teñen carácter provisional e deberán ser revisadas en canto os mencionados estudos ofrezan solucións viables distintas ás descritas nos escenarios considerados neste plan hidrolóxico, sen prexuízo do disposto no artigo 28.f) do texto refundido da Lei de augas. En calquera caso, a dita concreción de solucións deberá quedar incorporada na primeira revisión do Plan.

3. As asignacións para aproveitamento hidroeléctrico non detalladas no anexo 5 correspóndense coas concesións en vigor, sen que derive a necesidade da súa revisión por reaxuste de asignacións para a súa adecuación a este plan.

Artigo 40. *Reserva de recursos.*

1. De conformidade cos artigos 20 do Regulamento da planificación hidrolóxica e 92 do Regulamento do dominio público hidráulico, resérvase a nome da Confederación Hidrográfica do Douro a parte das asignacións establecidas no artigo anterior non suxeita a concesión, en previsión das demandas e os elementos de regulación que se desenvolvan en cada un dos sistemas de explotación para alcanzar os obxectivos do Plan hidrolóxico. As ditas reservas, que substitúen para todos os efectos as recollidas para calquera uso no anterior plan hidrolóxico, inscribíranse no Rexistro de Augas a nome da confederación e procederáse á súa cancelación parcial a medida que se vaian outorgando as correspondentes novas concesións.

2. O detalle das reservas establecidas para cada un dos sistemas de explotación recóllese nos anexos 6.1 a 6.13.

CAPÍTULO QUINTO Utilización do dominio público hidráulico

SECCIÓN PRIMEIRA Disposicións xerais sobre autorizacións e concesións

Artigo 41. *Solicitud de novas concesións.*

1. Conforme o disposto no artigo 59.4 do texto refundido da Lei de augas, toda concesión se outorgará segundo as previsións do Plan hidrolóxico. Polo tanto, de conformidade, segundo proceda, cos artigos 106 e 108 do Regulamento do dominio público hidráulico, ou cos artigos 7 e 8 do Real decreto 1620/2007, do 7 de decembro, que establece o réxime xurídico da reutilización das augas depuradas, ás novas solicitudes de concesión deberáselles xuntar a documentación precisa que permita valorar a súa compatibilidade co previsto neste plan hidrolóxico. En particular, a solicitude xustificará a avaliación das necesidades hídras requiridas, e operarán como límite, coas excepcións indicadas no artigo 48, os valores máximos especificados neste plan hidrolóxico sobre dotacións e cálculo de demandas.

2. Sen prexuízo do resto de documentación requirida conforme o establecido no Regulamento do dominio público hidráulico e, de ser o caso, no Real decreto 1620/2007, do 7 de decembro, na documentación achegada polo solicitante da concesión especificarase:

- a) O destino do aproveitamento, conforme os tipos de uso enumerados no artigo 34.
- b) O caudal de auga solicitado, respecto ao cal se detallará o seguinte: o volume máximo anual que se pretende derivar, o caudal máximo instantáneo previsto e o volume mensual máximo de derivación expresado en metros cúbicos para cada un dos doce meses do ano.
- c) O número de unidades sobre as cales se aplica o caudal de auga solicitado (por exemplo, habitantes no caso de abastecementos, hectáreas no caso de regadíos, cabezas no caso da gandaría, potencia no caso das industrias produtoras de enerxía e número de traballadores ou valor engadido bruto esperado no caso de industrias produtoras de bens de consumo).
- d) A forma en que se pretende realizar o aproveitamento, para evidenciar que se realiza un uso eficiente e racional da auga conforme os principios reitores da xestión en materia de augas, sinalados no artigo 14 do texto refundido da Lei de augas, explicando as características das redes internas de distribución e o xeito de levar a cabo a súa operación e mantemento, que deberán estar orientadas, se é o caso, a reducir tanto o consumo como o retorno e a vertedura das augas obxecto da concesión.
- e) A proposta dun sistema de control dos caudais derivados, conforme o establecido na Orde ARM/1312/2009, do 20 de maio, pola que se regulan os sistemas para realizar o control efectivo dos volumes de auga utilizados polos aproveitamentos de auga do dominio público hidráulico, dos retornos ao citado dominio e das verteduras a este.

3. A valoración da compatibilidade das propostas dos usuarios con este plan hidrolóxico realizarase co apoio do ficheiro de datos de informes de compatibilidade, creado mediante a Orde ARM/1869/2011, do 27 de xuño, cuxa funcionalidade se integra coas debidas salvagardas de seguridade no sistema de información Mírame, regulado no artigo 3.

Artigo 42. Respecto ao réxime de caudais ecolóxicos.

Toda nova concesión para a derivación de caudais deberá respectar o réxime de caudais ecolóxicos establecido neste plan hidrolóxico conforme se detalla nos artigos 26 a 33. Quedan exentas desta restrición, de conformidade co establecido nos artigos 59.7 e 60.3 do texto refundido da Lei de augas e 26.2 do Plan hidrolóxico nacional, as concesións para os usos destinados ao abastecemento da poboación, cando se evidencie que non existe unha alternativa de subministración razoable desde outra fonte de recursos.

Artigo 43. Novas concesións non previstas nas reservas establecidas.

1. As solicitudes de concesión para uso consuntivo que non contén con reservas asignadas, recollidas expresamente no artigo 40, ou se estas xa foron

superadas, deberán ser estudadas caso a caso co propósito de valorar a súa viabilidade conforme as previsións establecidas neste plan hidrolóxico. En todo caso, as concesións máximas outorgables, adicionais ás reservas establecidas, non poderán superar, individual ou conxuntamente, os volumes anuais que para cada sistema de explotación se indican no seguinte cadro.

Sistema de explotación	Volume anual (hm ³ /ano)
Támega - Manzanás	20
Tera	40
Órbigo	10
Esla	20
Carrión	0
Pisuerga	20
Arlanza	30
Alto Douro	20
Riaza-Duratón	15
Cega-Eresma-Adaja	0
Baixo Douro	10
Tormes	40
Águeda	25

2. A superación dos volumes anuais indicados no número anterior requirirá a revisión do Plan hidrolóxico, co conseguinte reaxuste dos balances e das asignacións establecidas. Iso deberase levar a cabo mediante a actualización dos modelos de simulación que se encontran á disposición pública na páxina web da Confederación Hidrográfica do Douro, que poderán ser usados polo solicitante da nova concesión para xustificar a viabilidade da súa solicitude.

Artigo 44. Concesións para actividades susceptibles de xerar verteduras directas.

1. De conformidade co artigo 246.4 do Regulamento de dominio público hidráulico, a posta en explotación de aproveitamentos de uso privativo das augas que requiran concesión administrativa e xeren verteduras directas ou indirectas na bacía do Douro estará condicionada ao outorgamento da autorización de vertedura pola Confederación ou, de ser o caso, ao contido que ao respecto conteña a autorización ambiental integrada outorgada pola comunidade autónoma.

2. A Confederación Hidrográfica do Douro relacionará, para os distintos aproveitamentos, as concesións rexistradas co inventario de autorizacións de vertedura.

Artigo 45. Modificacións das concesións.

1. De conformidade co artigo 144 do Regulamento do dominio público hidráulico, a modificación das características esenciais dunha concesión de augas requirirá que previamente se acredite a súa compatibilidade co Plan hidrolóxico, o que exixirá, sen prexuízo doutros requisitos, o respecto do réxime de caudais ecolóxicos establecido nos artigos 26 a 33 e, no caso de

concorrerem as circunstancias indicadas no artigo 44, acreditar que se dispón da correspondente autorización de vertedura.

2. Para levar a cabo a modificación dunha concesión será igualmente necesario achegar a documentación indicada no artigo 41.

Artigo 46. Revisión de concesións.

1. Conforme o previsto no artigo 65.2 do texto refundido da Lei de augas, a revisión das concesións para os usos de abastecemento da poboación e regadío, co propósito da súa adecuación ás necesidades consuntivas reais, levarase a cabo aplicando criterios de boa explotación e conservación.

2. As necesidades consuntivas reais serán avaliadas, en función do uso que se analice, de acordo co estudo dos factores que se consideren pertinentes, entre os cales contarán, ademais dos previstos no artigo 156 bis do Regulamento do dominio público hidráulico, os seguintes:

- a) Volumes mensuais derivados nun período suficientemente representativo.
- b) Poboación atendida (número de habitantes) e dimensión da actividade industrial e gandeira vinculada á rede de abastecemento da poboación.
- c) Superficies regadas nun período suficientemente representativo. O organismo de bacía poderá verificar a superficie regada mediante a análise de escenas teledetectadas.
- d) Cultivos desenvolvidos e producións obtidas.
- e) Características das instalacións gandeiras, número de cabezas e tipos de gando.
- f) Características das infraestruturas de captación, transporte, distribución e aplicación, vinculadas co aproveitamento, sobre as cales non se realizasen modificacións non autorizadas.

3. Cando se evidencie que os caudais realmente derivados superan as dotacións máximas unitarias establecidas para cada tipo de uso neste plan, darase audiencia ao titular da concesión para que xustifique tecnicamente a aparente necesidade, e deberá demostrar que realiza un uso que, polo menos, alcanza os obxectivos de eficiencia que se indican no artigo 48. De non o lograr, a concesión poderá ser revisada aplicando as dotacións máximas unitarias netas establecidas para cada tipo de uso.

Artigo 47. Limitación dos prazos das concesións.

Conforme o disposto nos artigos 59 do texto refundido da Lei de augas e 97 do Regulamento do dominio público hidráulico, establécense os prazos concesionais que se indican a continuación en relación cos distintos usos da auga:

- a) Usos industriais, que comprenden: a produción de bens e servizos de consumo (artigo 34.7); de lecer e turismo (artigo 34.8); extractiva (artigo 34.9) e produción de forza motriz (artigo 34.10). O prazo, que se

- determinará en función dos investimentos condicionados ao aproveitamento, non será superior a 40 anos.
- b) Os usos industriais para produción de enerxía, tanto no caso de aproveitamentos para refrixeración como no caso de aproveitamentos hidroeléctricos, serán establecidos tendo en conta o balance económico do aproveitamento e estarán limitados con carácter xeral a un máximo de 40 anos. Excepcionalmente, poderán estenderse ata 75 anos cando o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo manifieste o interese estratéxico do aproveitamento concreto que se valore co obxecto de asegurar a garantía da subministración eléctrica.
 - c) Usos para regadío: o prazo determinarase tendo en conta o balance económico do aproveitamento, e non será superior a 50 anos.
 - d) Os prazos das concesións para alimentar canles artificiais de navegación serán establecidos tendo en conta o balance económico do aproveitamento. En todo caso, nunca serán superiores a 40 anos.
 - e) No caso de concesións para outorgar en tramos de ríos afectados pola construción de novas infraestruturas previstas neste plan cuxa posta en servizo impida a realización do aproveitamento obxecto da concesión nas condicións en que poida ser inicialmente outorgada, o prazo non superará a data prevista para a posta en funcionamento da mencionada estrutura.
 - f) O prazo das concesións e autorizacións para recarga será establecido polo organismo de bacía por proposta do peticionario, tendo en conta o balance económico do aproveitamento. En todo caso, nunca será superior a 50 anos.
 - g) No resto de concesións, o prazo poderá alcanzar os 75 anos previstos como máximo no artigo 59.4 do texto refundido da Lei de augas.

Artigo 48. *Dotacións unitarias máximas.*

1. Co obxecto de promover a explotación racional e conxunta dos recursos superficiais e subterráneos prevista no artigo 59.2 do texto refundido da Lei de augas, e para os efectos de valorar a compatibilidade dos aproveitamentos coas previsións do Plan hidrolóxico, establécense as dotacións unitarias máximas que se indican nos artigos 49 a 52 para distintos tipos de uso, agrupando os volumes para captar desde os diferentes puntos de toma que constitúan o aproveitamento.
2. Con carácter excepcional, as solicitudes de concesión poderán superar as dotacións máximas indicadas sempre e cando se achegue unha xustificación técnica específica das necesidades hídricas para o caso singular que se estude. A dita xustificación evidenciará o uso eficiente da auga debendo aplicar, como mínimo, unhas porcentaxes de eficiencia que se cifran no 85 % para o uso urbano, industrial ou gandeiro e no 75 % para o caso do regadío.

Artigo 49. *Dotacións unitarias máximas brutas para abastecemento de poboacións.*

1. Establécense as seguintes dotacións unitarias máximas brutas de auga para abastecemento de poboación. Enténdese por dotación unitaria bruta o cociente

entre o volume subministrado á rede en alta e o número de habitantes inscritos no padrón municipal na zona de subministración ou xustificadas, pola Administración local ou autonómica correspondente, de acordo cos seus plans de desenvolvemento urbano, incluíndo niso a estimación da presenza de poboación estacional durante determinados períodos. Dado que a dotación inclúe a atención dos servizos prestados para gandaría e industria pola rede municipal dentro do núcleo urbano, diferénciáanse tres categorías de núcleos segundo o peso destes sectores na subministración global do núcleo urbano.

Poboación abastecida polo sistema	Actividade industrial e gandeira vinculada Dotación (l/habitante/día)		
	Alta	Media	Baixa
Menos de 10.000	280	250	220
De 10.000 a 50.000	310	280	250
De 50.000 a 250.000	360	330	300
Máis de 250.000	410	380	350

2. Para o caso de urbanizacións illadas de vivendas unifamiliares tipo chalé ou para chalés individuais, considérase unha dotación unitaria máxima bruta destinada a cubrir todas as súas necesidades hídricas (xardíns, piscina...) de 350 l/hab./día.

3. Establécense as seguintes dotacións unitarias brutas máximas para a atención doutros abastecementos da poboación, entendendo como dotación unitaria bruta o cociente entre o volume subministrado á rede en alta desde as captacións e o número de prazas autorizadas na instalación que se atenda.

Tipo de establecemento	Dotación (l/persoa/día)
Cámping	120
Hotel, colexio, hospital, cuartel, etc.	240
Restaurantes, merendeiro, etc.	150
Centro comercial ou de lecer	150
Outros asimilables	150

4. A incorporación de novos aproveitamentos con estes fins no seo da zona atendida polos servizos municipais ou locais requirirá o informe do concello, consorcio ou mancomunidade de municipios responsable dos citados servizos.

5. As dotacións establecidas neste artigo resultan de aplicación, sen prexuízo do sinalado no artigo 48.2, a posibles casos excepcionais. Nos casos excepcionais de abastecemento a poboacións, as dotacións sinaladas no punto primeiro deste artigo poderán incrementarse nun 40 % máis, logo da súa xustificación técnica.

Artigo 50. Dotacións unitarias máximas brutas para industrias produtoras de bens de consumo.

1. Establécese a dotación unitaria máxima bruta para a atención de polígonos industriais de 4.000 m³/ha. Este valor inclúe todas as necesidades

complementarias do polígono industrial, tales como parque de bombeiros, zonas axardinadas, servizos de limpeza e outras de semellante funcionalidade. Para o caso de instalacións individuais teranse en conta, con carácter orientativo, as dotacións que se indican no seguinte cadro.

Subsector industrial	Código CNAE	Dotación	
		m ³ /empregado/ano	m ³ /1.000 € VAB ano 2000
Alimentación, bebidas e tabaco	DA	470	13,3
Téxtil, confección, coiro e calzado	DB e DC	330	22,8
Madeira e cortiza	DD	66	2,6
Papel, edición e artes gráficas	DE	687	21,4
Industria química	DG	1.257	19,2
Caucho e plástico	DH	173	4,9
Outros produtos minerais non metálicos	DI	95	2,3
Metalurxia e produtos metálicos	DJ	563	16,5
Maquinaria e equipamento mecánico	DK	33	1,6
Equipamento eléctrico, electrónico e óptico	DL	34	0,6
Fabricación de material de transporte	DM	95	2,1
Industrias manufactureiras diversas	DN	192	8,0

2. As industrias individuais deberán xustificar que o caudal e o volume anual solicitados en cada caso se axustan ao principio da eficiencia no uso da auga mediante o correspondente estudo de necesidades hídricas, incorporando, cando iso sexa posible, os mecanismos de recirculación oportunos. O valor global poderase calcular, en función da distinta actividade industrial de que se trate, segundo a cantidade de produción prevista. Esta dotación incluírá as necesidades complementarias da instalación, en particular a rega das zonas axardinadas periféricas que poidan existir, os servizos de limpeza e outros; todo iso sen menoscabo de que poidan existir redes separadas para cada propósito.

Artigo 51. Dotacións unitarias máximas brutas para gandería.

1. Establécense as seguintes dotacións unitarias máximas brutas para a atención do gando estabulado, entendendo como dotación unitaria bruta o cociente entre o volume subministrado á rede en alta desde as captacións e o número de cabezas de cada tipo de gando atendidas na zona de subministración. Os valores exprésanse en litros/cabeza/día e inclúen todos os

usos específicos (limpeza, refrixeración, servizos...) que requira a instalación agropecuaria.

Tipo de gando	Tamaño da granxa		
	<10 cabezas	De 10 a 2.000	Máis de 2.000
Porcino de cría	50	25	20
Porcino de carne	50	20	15
Equino	100	80	--
Bovino de leite	120	100	100
Bovino de cría	100	50	30
Bovino de carne	100	60	40
Ovino - caprino (carne)	10	5	5
Ovino - caprino (leite)	20	10	10
Avícola menor (polos, pavos, paspallases...)	1	0,3	0,2
Avícola maior (avestruces...)	10	5	--
Cunícola	1	0,5	0,3
Cánidos	10	5	--
Outro gando maior	75	50	
Outro gando menor	35	25	20

2. No caso da gandaría non estabulada aplicaranse reducidas á terceira parte as mesmas dotacións que para o caso da estabulada.

3. Para o caso doutros núcleos zoolóxicos, tales como parques zoolóxicos, picadeiros, gardarías caninas ou outras instalacións asimilables, tomaranse como referencia as dotacións indicadas no cadro anterior, sempre e cando non se dispoña dunha xustificación específica para o caso de que se trate.

Artigo 52. Dotacións unitarias máximas netas para rega.

1. Para o outorgamento de novas concesións que teñan por obxecto o regadío, serán de aplicación as dotacións unitarias máximas netas por bisbarra agraria e cultivo que se indican no cadro que figura como anexo 9 desta normativa. Estas dotacións inclúen todas as necesidades hídricas das parcelas que se van regar, incluíndo a auga que se requira para tratamentos fitosanitarios, regas antixeada, lavado de terreos e outros fins ligados á actividade.

2. Para aqueles casos en que o expediente de tramitación da solicitude a que se refire o artigo 106.2.b) do Regulamento do dominio público hidráulico non achegue o estudo agronómico que sinale a alternativa dos cultivos que se van regar, para os efectos do indicado no artigo 108.1 do Regulamento do dominio público hidráulico sobre compatibilidade co Plan hidrolóxico, tomaranse como referencia as dotacións netas máximas comarcais que aparecen na táboa seguinte:

Código bisbarra agraria	Nome da bisbarra	Dotación neta máxima (m ³ /ha/ano)	Código bisbarra agraria	Nome da bisbarra	Dotación neta máxima (m ³ /ha/ano)
501	Arévalo-Madrigal	4.720	3702	Ledesma	3.475
502	Ávila	3.943	3703	Salamanca	4.183
503	Barco de Ávila-Piedrahíta	3.182	3704	Peñaranda de Bracamonte	3.801
504	Gredos	2.753	3705	Fuente de San Esteban	3.267
903	Demanda	2.857	3706	Alba de Tormes	4.349
904	La Ribera	3.726	3707	Ciudad Rodrigo	3.759
905	Arlanza	3.197	3708	La Sierra	4.064
906	Pisuerga	3.180	3906	Reinosa	3.089
907	Páramos	3.292	4001	Cuéllar	3.878
908	Arlanzón	3.550	4002	Sepúlveda	3.744
2402	La Montaña de Luna	2.896	4003	Segovia	3.139
2403	La Montaña de Riaño	2.467	4201	Pinares	1.939
2404	La Cabrera	2.149	4202	Tierras Altas y Valle del Tera	1.588
2405	Astorga	3.172	4203	Burgo de Osma	3.430
2406	Tierras de León	3.940	4204	Soria	3.011
2407	La Bañeza	4.264	4205	Campo de Gómara	1.939
2408	El Páramo	4.608	4206	Almazán	2.997
2409	Esla-Campos	4.886	4207	Arcos de Jalón	2.068
2410	Sahagún	3.711	4701	Tierra de Campos	4.453
3202	O Barco de Valdeorras	2.226	4702	Centro	4.341
3203	Verín	3.005	4703	Sur	4.887
3401	El Cerrato	3.239	4704	Sureste	4.466
3402	Campos	3.926	4901	Sanabria	2.428
3403	Saldaña-Valdavia	3.613	4902	Benavente y los Valles	4.247
3404	Boedo-Ojeda	2.994	4903	Aliste	3.000
3405	Guardo	2.026	4904	Campos-Pan	4.322
3406	Cervera	1.839	4905	Sayago	3.690
3407	Aguilar	3.089	4906	Duero Bajo	4.202
3701	Vitigudino	3.061			

3. Os cultivos leñosos, tales como a viña ou a oliveira, aplicarán como máximo o 15 % da dotación neta máxima comarcal indicada na táboa anterior, agás no caso dos cultivos tradicionais de freatofitas (chopos e asimilables), que se regulan especificamente no artigo 59.

4. Para o resto de cultivos, non clasificables nos grupos anteriores, aplicaranse as mesmas dotacións netas máximas comarcais que aparecen na táboa anterior.

5. Cando un regadío se estenda por máis dunha bisbarra agraria adoptaranse como máximas, para toda a unidade de demanda agraria implicada, as dotacións unitarias da bisbarra que ofrezca os valores máis altos.

6. Poderase acreditar a necesidade de aplicar dotacións unitarias netas superiores ás indicadas neste artigo sempre que se xustifique tecnicamente a dita necesidade mediante o correspondente estudo agronómico que avalíe a evapotranspiración do cultivo na zona de implantación para un período de anos non inferior a 10 consecutivos, incorporando polo menos algún ano do trienio anterior á data de solicitude da concesión, de forma que coa rega se cubra o déficit hídrico do solo nun máximo do 80 % dos anos.

Artigo 53. Dotacións obxecto dos contratos de cesión de dereitos de uso de auga.

Na falta de datos sobre o caudal realmente utilizado para determinar o volume anual susceptible de cesión contractual, de acordo co artigo 69.1 do texto refundido da Lei de augas, serán o 85 % das dotacións máximas indicadas nos artigos 49 a 52 deste plan.

Artigo 54. Criterios en relación coas concesións para regadío.

1. Toda concesión de auga para rega se outorgará tendo en conta as reservas establecidas no artigo 40 ou a súa marxe de superación admisible de conformidade co artigo 43, as necesidades hídricas dos cultivos por bisbarra agraria indicadas en artigo precedente e a eficiencia global do aproveitamento, que en ningún caso poderá ser inferior ao 60 % para os aproveitamentos de augas superficiais ou ao 70 % para os aproveitamentos de auga subterránea.

2. Non poderán obterse concesións para rega que superen as reservas previas establecidas no Plan e, en concreto, no caso de concesións non previstas nas reservas establecidas, os volumes máximos que para cada sistema de explotación se indican no artigo 43.

3. A calquera nova solicitude de concesión que pretenda captar máis de 10.714 m³ nun mes deberá xuntárselle a información suficiente que lle permita á Confederación Hidrográfica do Douro valorar, a partir da simulación da xestión no sistema de explotación correspondente, que cantidades de auga poden ser obxecto de aproveitamento para rega sen causar prexuízo ao medio hídrico, respectando os réximes de caudais ecolóxicos sinalados neste plan hidrolóxico e sen reducir a dispoñibilidade para atender outras concesións preexistentes.

Ademais, deberá detallar, sen prexuízo do previsto no Regulamento do dominio público hidráulico, as medidas que se adoptarán para minimizar a afección ambiental do aproveitamento sobre as augas superficiais e subterráneas. Entre elas incluíranse as seguintes:

- a) Instalación de dispositivos de medida e rexistro do caudal e as súas variacións.
- b) Instalación de dispositivos de paso nas infraestruturas que, de acordo coa ictiofauna afectada ou que potencialmente debese habitar no tramo, non impidan a súa circulación e remonte.
- c) Colocación de chousumes nas canles e outras infraestruturas de modo que se eviten riscos para as persoas e a fauna terrestre.
- d) En canles de máis de 500 m de lonxitude deberanse habilitar pasos para que as persoas, o gando e a fauna silvestre, en particular os grandes vertebrados, as poidan atravesar e acceder á beira natural do río.

- e) Valoración e medidas de mitigación dos danos sobre a vexetación de ribeira afectada.
- f) Valoración e medidas de mitigación dos danos sobre a morfoloxía fluvial afectada.
- g) Análise e proposta de boas prácticas para limitar a contaminación difusa e a exportación de sales, especialmente en zonas declaradas vulnerables.

4. Todo novo aproveitamento de auga para rega quedará incorporado ao sistema de explotación que lle corresponda no momento de outorgarse a concesión, e deberá satisfacer, segundo lle resulten aplicables, nos termos previstos no texto refundido da Lei de augas e nas súas disposicións de desenvolvemento, os canons e tarifas que anualmente establece a Confederación Hidrográfica do Douro para os distintos sistemas e subsistemas de explotación definidos conforme o artigo 36 desta normativa.

5. Non se poderán outorgar concesións ou autorizacións de uso de auga subterránea para rega de zonas que xa contén con dereitos de augas superficiais. Non obstante, o titular do dereito de augas superficiais poderá incorporar a nova toma na súa concesión, logo de modificación das características do dereito orixinal.

6. Con carácter excepcional, en anos de seca prolongada definida conforme o indicado no artigo 21 desta normativa, a Confederación poderá autorizar aproveitamentos temporais de augas subterráneas co fin de paliar o déficit de rega que se puiden producir nunha zona con dereitos de augas superficiais, e estará obrigado o concesionario a clausurar o aproveitamento unha vez que a situación de seca se supere.

Artigo 55. Criterios en relación cos aproveitamentos enerxéticos.

1. As novas solicitudes de concesión coa finalidade de captar auga para a obtención de enerxía, xa sexa mediante o aproveitamento hidroeléctrico ou mediante centrais térmicas ou de calquera outra tecnoloxía, deberán incorporar a información suficiente que lle permita á Confederación Hidrográfica do Douro valorar, a partir da simulación da xestión no sistema de explotación correspondente, que cantidades de auga poden ser obxecto de aproveitamento para a obtención de enerxía sen causar prexuízo ao medio hídrico, respectando os réximes de caudais ecolóxicos sinalados no Plan hidrolóxico e sen reducir a dispoñibilidade para atender outras concesións preexistentes que as preceden na orde de prioridade fixada no artigo 35.

2. O proxecto de aproveitamento hidroeléctrico de nova concesión deberá incorporar, nunha epígrafe claramente diferenciada, medidas tendentes a minimizar a afección ambiental. Entre as citadas medidas, ademais do respecto ao réxime de caudais ecolóxicos no tramo de toma e de restitución e as previstas no Regulamento do dominio público hidráulico, incluíranse as seguintes:

- a) Instalación de dispositivos de medida e rexistro do caudal e as súas variacións.
- b) Instalación de dispositivos de paso nas infraestruturas que, de acordo coa ictiofauna afectada ou que potencialmente debese habitar no tramo,

non impidan a súa circulación e remonte de conformidade co artigo 126 bis do Regulamento do dominio público hidráulico.

- c) Instalación de dispositivos que eviten a entrada de peixes nas turbinas.
- d) Incorporación de elementos que permitan o rescate da ictiofauna en caso de baleiramento das infraestruturas.
- e) Colocación de chousumes nas canles, cámaras de carga e outras infraestruturas de modo que se eviten riscos para as persoas e a fauna terrestre, en particular sobre os grandes mamíferos tales como corzos, xabarís, cervos e outros.
- f) En canles de máis de 500 m de lonxitude deberanse habilitar pasos para que as persoas, o gando e a fauna silvestre, en particular os grandes vertebrados, os poidan atravesar e acceder á beira natural do río.
- g) Valoración e medidas de mitigación dos danos sobre a vexetación de ribeira afectada.
- h) Valoración e medidas de mitigación dos danos sobre a xeomorfoloxía fluvial afectada.

3. De conformidade co artigo 132.1 do Regulamento do dominio público hidráulico, poderán utilizarse con fins hidroeléctricos os aproveitamentos correspondentes aos encoros de Iruña no río Águeda, de Ruesga no sistema Pisurga e do Pontón no sistema Cega-Eresma-Adaja. Para os mesmos efectos, tamén poderán ser obxecto de aproveitamento hidroeléctrico todos os saltos existentes nas infraestruturas hidráulicas explotadas pola Confederación Hidrográfica do Douro que no pasado fosen obxecto de aproveitamento enerxético de calquera tipo, aínda que na actualidade non se estean a utilizar para tales fins e tamén os que, sen teren sido obxecto do dito aproveitamento, se inclúsen nalgunha convocatoria pública para a adxudicación do aproveitamento enerxético en réxime de concorrencia e que, por calquera causa, non fosen adxudicados. Os demais saltos existentes nas canles públicas de regadío e os seus desaugadoiros tamén poderán ser obxecto de aproveitamento hidroeléctrico, nos termos do artigo 132 do Regulamento do dominio público hidráulico, e deberá garantirse nas bases da convocatoria a subordinación do dito aproveitamento ás necesidades da explotación da obra hidráulica e ao réxime de caudais dos ríos que se establecen neste plan ou os que, no seu desenvolvemento, fixen os órganos competentes.

Artigo 56. *Canles artificiais para navegación.*

1. As novas solicitudes de concesión coa finalidade de captar auga para alimentar canles artificiais de navegación deportiva, recreativa ou comercial deberán incorporar a información suficiente para permitirle á Confederación Hidrográfica do Douro valorar, a partir da simulación da xestión no sistema de explotación correspondente, que cantidades de auga poden ser derivadas sen causar prexuízo ao medio hídrico, respectando os réximes de caudais ecolóxicos sinalados neste plan hidrolóxico e sen reducir a dispoñibilidade para atender outras concesións preexistentes que preceden na orde de prioridade fixada no artigo 35.

2. O proxecto deberá incorporar, nunha epígrafe claramente diferenciada, medidas tendentes a minimizar a afección ambiental. Entre as citadas medidas,

ademais do respecto ao réxime de caudais ecolóxicos no tramo de toma e de restitución, inclúiranse as seguintes:

- a) Instalación de dispositivos de medida e rexistro do caudal e as súas variacións.
- b) Instalación de dispositivos de paso nas infraestruturas que, de acordo coa ictiofauna afectada ou que potencialmente debese habitar no tramo, non impidan a súa circulación e remonte, de conformidade co artigo 126 bis do Regulamento do dominio público hidráulico.
- c) Incorporación de elementos que permitan o rescate da ictiofauna en caso de baleiramento das canles e depósitos artificiais.
- d) Colocación de chousumes nas canles, cámaras de carga e outras infraestruturas de modo que se eviten riscos para as persoas e a fauna terrestre, en particular sobre os grandes mamíferos tales como corzos, xabarís, cervos e outros.
- e) En canles de máis de 500 m de lonxitude deberanse habilitar pasos para que as persoas, o gando e a fauna silvestre, en particular os grandes vertebrados, os poidan atravesar e acceder á beira natural do río.
- f) Valoración e medidas de mitigación dos danos sobre a vexetación de ribeira afectada.
- g) Valoración e medidas de mitigación dos danos sobre a xeomorfoloxía fluvial afectada.

SECCIÓN SEGUNDA

Autorizacións no leito, zona de servidume e zona de policía

Artigo 57. Condicionado particular para obras no leito, zona de servidume e zona de policía.

Co obxectivo de garantir adecuadamente a protección do ambiente fluvial, con carácter adicional aos criterios hidrolóxicos establecidos nos artigos 126 e 126 bis do Regulamento do dominio público hidráulico e no artigo 72 do Plan, para o caso de zonas inundables as obras que se executen no leito, na zona de servidume e na zona de policía, así como as autorizacións que en cada caso correspondan, terán en conta os seguintes criterios:

- a) Canalizacións en solo rústico: como norma xeral, non se admitirán as actuacións de rectificación en planta, pendente e sección de leitos e de sobreelevación mediante camallóns ou valos que poidan alterar as condicións de inundabilidade. As excepcións a esta norma estudaranse singularmente conforme o artigo 126 do Regulamento do dominio público hidráulico.
- b) Entubamento ou cobertura de leitos en solo rústico: non se admitirá, con carácter xeral, o entubamento ou a cobertura dun leito en solo rústico, salvo que a alternativa resulte economicamente desproporcionada, caso en que se xuntará á solicitude un estudo que xustifique a nova modificación proporcionando os distintos datos que se inclúen na ficha sobre novas alteracións prevista no anexo 3.7.

- c) Valagotas rebordables: para a construción de valagotas que faciliten o cruzamento de vías de comunicación polo leito exixirase que a sección ocupada do leito non se cubra con materiais que supoñan a súa redución ou limiten a súa franqueabilidade polas especies de fauna autóctona, en particular peixes, presentes no tramo afectado ou que potencialmente puidesen poboalo.
- d) Pontes, pasarelas: a construción de pontes ou pasarelas non deberá minguar a capacidade de desaugamento do propio leito nin supor unha limitación para a súa franqueabilidade polas especies autóctonas presentes no tramo afectado ou que potencialmente puidesen poboalo.

Artigo 58. Condicionado particular para extracción de areas.

1. Nas autorizacións para a extracción de areas deberase considerar, conforme o establecido no artigo 73 do texto refundido da Lei de augas, a súa posible incidencia ecolóxica desfavorable, e deberán exixirse as debidas garantías para a restitución do medio.

2. As extraccións de areas que se realicen na bacía do Douro deberán respectar as condicións morfolóxicas naturais do leito e a súa hidrodinámica, e non se deberán inducir modificacións. A distancia mínima da explotación ao leito determinarase en cada caso atendendo ás características do leito e do propio terreo, para o cal se terán en conta as bandas de protección sinaladas no artigo 70 e as bandas de protección das zonas húmidas establecidas conforme o artigo 80.4, sen prexuízo do establecido no número 7.

3. A potencia da escavación nas zonas de policía deberase definir cunha marxe de seguridade de, polo menos, medio metro por riba do nivel freático ou do nivel da lámina de auga do leito. A marxe de seguridade poderá ser superior, co fin de non afectar a hidroloxía subterránea, as conexións entre augas subterráneas e augas superficiais e os dereitos de terceiros. A cota inferior da extracción de areas non poderá estar por debaixo da cota inferior do leito do río. Co fin de facer un seguimento da hidroloxía subterránea, o concesionario deberá dispor dunha cata ou piezómetro na zona próxima á explotación.

4. As extraccións de areas levaranse a cabo atendendo aos seguintes requisitos:

- a) Non se producirán verteduras que incrementen a turbidez das augas.
- b) Deberanse establecer medidas que preveñan as verteduras accidentais de fuel, aceites ou calquera outra substancia que poida deteriorar o estado das augas superficiais ou subterráneas na zona da explotación. Para iso deberanse instalar cubetas estancas que faciliten o almacenamento temporal destes potenciais contaminantes ata o seu traslado a un centro de recollida autorizado.
- c) Deberanse implantar mecanismos de recirculación da auga co obxecto de diminuír os consumos e reducir as verteduras.
- d) Deberanse construír foxos perimetrais á explotación co obxecto de evitar a circulación de augas pluviais que poidan ocasionar arrastres e verteduras indesexadas.

- e) Durante o período de explotación deberanse tomar as medidas precisas para non alterar a morfoloxía do leito natural. Unha vez finalizada a explotación, deberá regularizarse a morfoloxía da chaira de inundación afectada pola extracción.
- f) Adoptaranse medidas que minimicen as emisións de po e ruídos.

5. O uso de augas descubertas durante o aproveitamento das areas regúlase no artigo 89.

6. A construción de balsas represadas requirirá a correspondente adopción das medidas de seguridade que corresponden de acordo coa normativa vixente, en particular co establecido no título VII do Regulamento do dominio público hidráulico e a lexislación específica correspondente ás presas, encoros e balsas mineiras, desenvolvida no Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras. Estas medidas estarán dirixidas a minimizar o risco para persoas e bens, así como a previr e evitar posibles danos ambientais sobre as masas de auga.

7. Cando a Confederación Hidrográfica do Douro valore, a partir de estudos propios ou de documentación facilitada por calquera outra autoridade competente, que, por motivos de seguridade fronte ao risco conxuntural de inundación ou por mellora da morfoloxía fluvial artificialmente deteriorada, se require a retirada de areas dun determinado tramo de leito, a actuación poderá ser desenvolvida conforme o proxecto e as prescricións técnicas que se establezan para cada caso particular, e poderase, nese caso, ofertar publicamente o aproveitamento das areas, conforme o previsto no artigo 137 do Regulamento do dominio público hidráulico.

8. Non serán aproveitables como areas os materiais acumulados de forma natural no paramento de augas arriba das presas, azudes ou travesas. Para a súa mobilización requirirase autorización expresa do organismo de bacía, na cal se establecerán as condicións técnicas para a súa realización que, en xeral e salvo xustificación técnica que o desaconselle, conducirán ao depósito dos sedimentos augas abaixo do obstáculo co obxecto de non alterar o caudal sólido conforme o previsto no artigo 73.

Artigo 59. Condicionado particular para cultivos arbóreos.

1. Non se realizarán plantacións de cultivos arbóreos no leito nin na súa zona de servidume. Adicionalmente, nas bandas de protección do leito sinaladas no artigo 70, así como nas bandas de protección das zonas húmidas establecidas conforme o artigo 80.4, poderán realizarse plantacións con vexetación autóctona de ribeira, en marcos irregulares, estruturados en distintas clases de idade e con diversas especies arbóreas e arbustivas que non comprometan a riqueza xenética das especies e poboacións propias da bacía do Douro.

Cando o preceptivo informe ambiental da Administración competente así o determine, poderanse efectuar nas bandas de protección correspondentes ás clases 1 e 2 citadas no artigo 70 plantacións de cultivos arbóreos nas condicións

que se sinalan no artigo 74 do Regulamento do dominio público hidráulico, respectando en todo caso os cinco metros de servidume do leito.

2. Poderanse autorizar as defensas de predios para evitar erosións e desprendementos de propiedades privadas, así como obras de defensa exclusiva de chopoeiras e doutros cultivos asimilables, consistentes en diques, sempre que non supoñan unha sobreelevación do terreo, salvo que protexan poboacións e infraestruturas públicas existentes e que as citadas obras non teñan efectos negativos sobre as masas de auga nin sobre a capacidade de evacuación do leito, conforme o artigo 126 bis do Regulamento do dominio público hidráulico.

3. As autorizacións de corta de árbores establecerán a obriga do titular de restituír o terreo á súa condición anterior, o que poderá incluír a eliminación de tocos, a plantación de vexetación de ribeira e a eliminación das obras de defensa que fosen establecidas para protexer a plantación, salvo que se obteña unha nova autorización para seguir co cultivo durante o seguinte período vexetativo.

A corta a feito limitarase ás plantacións de produción; deberá evitarse no caso de cortas de vexetación natural que, preferentemente, se deberán realizar polo método da entrecolla, extraendo un máximo do 50 % dos pés.

4. Non se autorizarán novas concesións para a rega de chopoeiras tradicionais situadas na zona de policía dos leitos cando a achega de auga se poida lograr mediante plantacións a raíz profunda. Non obstante, se existe dispoñibilidade de recurso, poderanse autorizar derivacións temporais de caudal. As necesidades hídricas brutas para a rega das ditas plantacións arbóreas tradicionais de freatofitas queda limitada a unha dotación máxima de 800 m³/ha/ano, aplicables exclusivamente durante os dous primeiros anos de plantación.

SECCIÓN TERCEIRA Autorizacións e concesións de auga subterránea

Artigo 60. Normas para a utilización das masas de auga subterránea. Zonificación.

1. En aplicación do previsto no artigo 54.4 do Regulamento da planificación hidrolóxica, e co propósito de graduar a aplicación das presentes disposicións en materia de autorizacións e concesións de augas subterráneas, o ámbito territorial da bacía española do Douro queda dividido nas cinco clases de zonas que se definen a seguir:

- a) Zona sen restricións: ámbito territorial en que non se considera preciso adoptar restricións adicionais a aquelas que, con carácter xeral, impón a normativa aplicable en materia de autorizacións e concesións de augas subterráneas, en particular o Regulamento do dominio público hidráulico, e aos condicionantes de carácter xeral que se establecen no seguinte artigo.
- b) Zona condicionada: ámbito territorial en que a construción, posta en servizo e aproveitamento de novas captacións de auga subterránea

quedarán condicionados á adopción de especiais precaucións, tales como a prohibición de conexión de niveis acuíferos superpostos, a fixación de profundidades máximas das obras e o establecemento de condicionados específicos para abandono e selaxe de captacións.

- c) Zona con limitacións específicas: ámbito territorial en que a construción e explotación de obras relativas a novas captacións de auga subterránea deberá atender a limitacións específicas, tales como a obriga de mantemento dunha piezometría mínima ou obxectivo de explotación, e de mantemento de certos caudais nos ríos, mananciais ou zonas húmidas, densidades de explotación máximas ou outras consideracións hidrodinámicas sobre os acuíferos que resulten limitantes da explotación.
- d) Zona de especial protección: ámbito territorial en que a construción e posta en servizo de obras relativas a novas captacións de auga subterránea estará especialmente limitada á súa reserva e protección para abastecementos urbanos ou polo seu especial interese ambiental.
- e) Zona non autorizada: ámbito xeográfico onde non se autorizarán novas extraccións de auga subterránea en canto non se superen os actuais desequilibrios hidrolóxicos.

2. A delimitación destas zonas queda xeograficamente establecida no sistema de información Mírame da Confederación Hidrográfica do Douro.

Artigo 61. Condicionantes de carácter xeral para os aproveitamentos de augas subterráneas.

1. As solicitudes de concesións ou autorizacións para os aproveitamentos de augas subterráneas que requiran a construción de obras e instalacións relativas a pozos, sondaxes ou outra obra vertical que alcance o nivel saturado pola auga subterránea achegarán, xunto co resto de documentación requirida no Regulamento do dominio público hidráulico, unha descrición das características daquela que inclúa, polo menos, a seguinte información adicional:

- a) Localización da captación sobre mapa catastral e ortofotografía aérea a escala 1:5.000.
- b) Perfil vertical da perforación, detallando diámetros e profundidades alcanzadas.
- c) Columna litolóxica atravesada pola perforación ou escavación, detallando a profundidade a que se alcanza cada un dos litosomas diferenciados.
- d) Posición da superficie piezométrica no interior da perforación e data da lectura.
- e) Perfil vertical da tubaxe con que se equipa a captación, con detalle dos diámetros e das profundidades a que se producen cambios no tipo de tubaxe, sinalando claramente a situación e tipo dos tramos filtrantes polos cales ten lugar a entrada de auga ao interior da captación, e dos tramos de inicio e final das cementacións ou impermeabilizacións realizadas.
- f) Potencia nominal do equipamento de bombeo, tipo de bomba e profundidade a que se sitúa a boca de aspiración ou de entrada de auga ao equipamento de bombeo.

2. Calquera captación de auga subterránea deberá contar coas instalacións de seguridade pertinentes conforme o previsto na normativa de seguridade mineira. Co mesmo propósito, os pozos e sondaxes deberán contar cun cerramento adecuado ás súas características que impida tamén a caída de pedras ou refugallos no seu interior, sen menoscabo de deixar operativa unha tubaxe auxiliar para facilitar a medida do nivel piezométrico conforme se detalla nos números seguintes.

3. Toda captación directa de auga subterránea deberá contar cunha tubaxe auxiliar ou calquera outro dispositivo que permita medir a profundidade da auga no seu interior, tanto en repouso coma durante o bombeo, mediante unha sonda ou hidronivel eléctrico.

4. Os pozos ou sondaxes que se encontren en situación de surxencia deberán dispor dun dispositivo de peche estanco que impida a saída libre da auga, así como dun manómetro que facilite a lectura do nivel piezométrico con precisión centimétrica. Sempre que as condicións da surxencia o permitan, poderase admitir a sobreelevación do peitoril ata un máximo de 1,5 metros co obxecto de equilibrar a presión. Se se adopta esta solución deberase instalar unha tubaxe piezométrica segundo o indicado no número 3 deste artigo.

5. Os pozos e sondaxes deberán levar nunha parte visible o identificador do pozo, que consistirá no número con que o pozo ou sondaxe está inscrito no Rexistro de Augas do organismo de bacía, e unhas características mínimas que fixará a Confederación do Douro.

Artigo 62. Masas de auga subterránea en risco de non alcanzaren o bo estado cuantitativo.

As masas de auga subterránea que se encontran en mal estado cuantitativo, relacionadas no anexo 7, poderán ser declaradas en risco de non alcanzaren o bo estado cuantitativo pola Xunta de Goberno da Confederación. Nelas, conforme o artigo 56.1 b) do texto refundido da Lei de augas, en canto se aproba o programa de actuación, poderanse establecer as limitacións de extracción, así como as medidas de protección da calidade da auga subterránea que se consideren necesarias, adicionais ás que xa quedan establecidas no Plan hidrolóxico. Para tal efecto, terase en consideración a valoración anual do estado da masa de auga subterránea afectada que debe levar a cabo o propio organismo de bacía.

Artigo 63. Condicións particulares para novas concesións en zonas condicionadas ou con restricións específicas para aproveitamentos de augas subterráneas.

1. As extraccións desde acuíferos aluviais ligados a unha corrente fluvial activa, identificada como masa de auga superficial, deberán respectar o réxime de caudais ecolóxicos establecidos para a citada masa de auga superficial relacionada, conforme o previsto no artigo 26.5, e, se é o caso, satisfacer a parte do canon de regulación ou a tarifa de utilización que lle corresponda como usuarios da masa de auga superficial relacionada.

2. Queda prohibida a captación vertical de varias masas de auga subterráneas catalogadas superpostas. Deste modo, as captacións que atravesen varios acuíferos cementarán ou selarán aqueles tramos que non constitúan o obxectivo da captación.

3. Os titulares de aproveitamentos de auga subterránea destinados á rega ou á atención da gandaría que se pretendan levar a cabo sobre masas de auga subterránea en mal estado químico, afectadas por contaminación difusa, deberán aplicar o código de boas prácticas ambientais establecido pola comunidade autónoma correspondente especialmente para as zonas vulnerables.

4. Para os efectos do establecido neste artigo, en relación coas masas de auga subterránea en mal estado químico a causa da contaminación difusa, tomarase como referencia a valoración de estado que incorpore o Plan hidrolóxico nas súas sucesivas revisións, que serán levadas a cabo de acordo co establecido no artigo 104.

Artigo 64. Condicións particulares para novas concesións en zonas non autorizadas.

1. Declárase como zonas non autorizadas para captar recursos hídricos subterráneos a parte dos termos municipais situada dentro dunha masa de auga subterránea en mal estado cuantitativo, na cal o volume anual de aproveitamento inscrito, ou o autorizado e en trámite de inscrición, supere o 75 % da parte do recurso dispoñible que lle corresponde á parte do termo municipal que está dentro da masa de auga afectada, repartindo o recurso dispoñible calculado para a masa de auga ponderadamente coa superficie de cada municipio dentro da masa de auga.

2. O cálculo de recurso dispoñible e de volume rexistrado actualizarase con cada revisión do Plan hidrolóxico, que serán levadas a cabo de acordo co establecido no artigo 104.

3. Nestas zonas non autorizadas non se admitirán incrementos de extracción, agás cando se trate da regularización de aproveitamentos para abastecemento urbano en tramitación no momento da entrada en vigor deste plan.

Artigo 65. Modificación dos dereitos de auga subterránea vixentes en zonas non autorizadas.

1. Poderán realizarse modificacións dos dereitos de extracción de auga subterránea vixentes en zonas non autorizadas sempre e cando non supoñan o incremento da extracción anual e non estean prohibidas polo programa de actuación para a recuperación do bo estado da masa de auga ou, na súa falta, polas medidas cautelares adoptadas pola Xunta de Goberno.

2. As modificacións do número anterior comprenderán cambios na titularidade, incorporación de novas tomas, selaxe e abandono das obsoletas, cambios no

caudal instantáneo, no caudal equivalente no mes de máximo consumo ou, no caso dos aproveitamentos para rega, cambios na superficie regada.

Artigo 66. Autorizacións para recarga artificial con augas naturais.

1. De conformidade co artigo 257.5 do Regulamento do dominio público hidráulico, as actuacións de recarga artificial de acuíferos requirirán autorización expresa da Confederación Hidrográfica do Douro que, entre outras cuestións, valorará a compatibilidade da actuación cos obxectivos da planificación hidrolóxica. A dita autorización terá o condicionado previsto no artigo 259 do Regulamento do dominio público hidráulico e, en particular, deberá abordar tanto a derivación dos caudais que se pretendan destinar á recarga como a autorización da propia introdución de auga no acuífero e, igualmente, o retorno á rede fluvial dos volumes derivados e non recargados.

2. Calquera autorización de recarga requirirá, ao abeiro do artigo 88 do texto refundido da Lei de augas, a constitución da comunidade de usuarios dos beneficiados por esta actuación de incremento de regulación, sendo de aplicación o réxime económico-financeiro que proceda nos termos previstos nos artigos 299 e seguintes do Regulamento do dominio público hidráulico.

3. Para tramitar a autorización, o promotor da recarga deberá presentar ante a Confederación Hidrográfica do Douro, xunto co resto de documentación que se achega coa solicitude, un estudo hidroxeolóxico e de regulación que xustifique a alternativa seleccionada fronte á non actuación ou ao uso directo de auga superficial, e aborde, ademais dos recollidos no artigo 258 do Regulamento do dominio público hidráulico, os seguintes aspectos:

- a) Características das obras de derivación, incluíndo a instalación de dispositivos de paso que, de acordo coa ictiofauna afectada ou que potencialmente debese habitar no tramo, non impidan a súa circulación e remonte.
- b) Colocación de chousumes en canles abertas e outras infraestruturas que o poidan requirir de modo que se eviten riscos para as persoas e a fauna terrestre.
- c) En canles de máis de 500 m de lonxitude deberanse habilitar pasos para o gando e a fauna terrestre, en particular para que grandes vertebrados os poidan atravesar e poidan acceder á beira natural do río.
- d) Valoración e medidas de mitigación dos efectos sobre a vexetación de ribeira e a hidromorfloxía fluvial que poida resultar afectada.
- e) Estudo de regulación que valore e describa o réxime mensual que se solicita derivar e se espera recargar, evidenciando o cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos establecido no Plan hidrolóxico.
- f) Estudo que evidencie e xustifique a transformación piezométrica que se espera producir no acuífero, valorando os riscos de encharcamento ou inundación, en particular sobre bens materiais e zonas húmidas incluídas ou non no Rexistro de zonas protexidas, e cuantificando o incremento de regulación que se produciría.

- g) Estudo que demostre a inocuidade da recarga sobre o estado químico do acuífero que se vai recargar, analizando a evolución química da mestura de augas.
 - h) Localización do punto de retorno da auga derivada e non recargada, con valoración e medidas de mitigación dos posibles efectos indesexados que se poidan producir.
 - i) Características das obras de recarga, incluíndo a súa precisa localización e a descrición do mecanismo de recarga seleccionado.
 - j) Instalación de dispositivos de medida que permitan coñecer e rexistrar o caudal derivado, o recargado e o retornado, así como a evolución piezométrica na zona afectada.
 - k) Identificación dos usuarios que se benefician da recarga e que deberán soportar, na medida en que corresponda, os gastos de investimento, funcionamento e mantemento destas instalacións.
 - l) Estudo de viabilidade económica e grao de recuperación do custo da actuación proposta.
4. Todo novo aproveitamento de auga para recarga quedará incorporado ao sistema de explotación que lle corresponda no momento de obter a concesión que lle posibilita o uso da auga.

Artigo 67. Autorizacións para recarga artificial con augas procedentes doutros usos.

A recarga artificial con augas procedentes de calquera outro uso, exceptuando o caso das augas rexeneradas regulado mediante o Real decreto 1620/2007, do 7 de decembro, requirirá a realización dun estudo hidroxioquímico previo que demostre a súa inocuidade.

Artigo 68. Instalacións xeotérmicas de climatización.

1. Os aproveitamentos xeotérmicos que se pretendan instalar para a produción de calor ou frío, ben sexa mediante sistemas pechados que requiran unha perforación vertical maior de 20 m ou mediante sistemas abertos con dobre perforación, requirirán, sen menoscabo do cumprimento do resto de trámites administrativos que sexan exhibibles, autorización expresa da Confederación Hidrográfica do Douro onde se acrediten as condicións das instalacións e o seu seguimento para garantir a protección dos acuíferos.

2. Tanto os sistemas abertos coma os pechados deberán atender ás normas específicas de construción de pozos sinaladas no artigo 61. De modo adicional, establécense os seguintes criterios xerais para as instalacións xeotérmicas abertas, ben entendido que a adopción doutras solucións, que en principio non son aconsellables, requirirá a súa xustificación adicional.

- a) A auga utilizada deberá ser inxectada no mesmo acuífero de que se extraese.
- b) En caso de que a instalación se realice onde existan acuíferos superpostos, aproveitarase unicamente o superior.

- c) O gradiente térmico quedará limitado a 6º Celsius.
- d) Este tipo de aproveitamentos queda prohibido no interior das zonas de salvagarda para abastecemento urbano, en perímetros de protección establecidos co mesmo fin e en acuíferos con mal estado químico.
- e) Cando a potencia instalada sexa superior a 50 kW, o titular do aproveitamento deberá efectuar un seguimento da evolución do acuífero que valore a súa resposta hidráulica, bioquímica e térmica.

Artigo 69. Comunidades de usuarios de masas de auga subterránea.

1. De conformidade co establecido no artigo 29.2 do Plan hidrolóxico nacional, a Confederación Hidrográfica do Douro fomentará a constitución de comunidades de usuarios de auga subterránea, e prestará, de ser o caso, a asistencia técnica necesaria para a elaboración do plan de explotación da masa de auga subterránea de forma que se posibilite o seu aproveitamento ordenado e sustentable.

2. Os usuarios dunha mesma masa de auga subterránea poderán constituírse nunha xunta central de usuarios da masa que integre comunidades de usuarios e usuarios individuais en defensa dos intereses que lles sexan comúns.

3. Ata a primeira revisión do Plan hidrolóxico, e en todo caso con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016, deberán constituírse as comunidades de usuarios das masas de auga subterránea definidas neste plan hidrolóxico en risco de non alcanzaren o bo estado cuantitativo conforme o indicado no artigo 62.

4. Se, superado o prazo sinalado no número anterior, non se constituíron as correspondentes comunidades de usuarios das masas de auga subterránea en risco de non alcanzaren o bo estado cuantitativo ou químico e persiste a situación de mal estado cuantitativo ou químico, a Confederación Hidrográfica do Douro, en atención ao previsto no artigo 171.5 do Regulamento do dominio público hidráulico, paralizará todos os expedientes de autorización de investigación ou de concesión de augas subterráneas relativos ás ditas masas de auga, agás os que teñan como finalidade o abastecemento de poboación e non exista a posibilidade de recorrer a outra fonte de subministración.

CAPÍTULO SEXTO

Protección do dominio público hidráulico

SECCIÓN PRIMEIRA

Normas xerais

Artigo 70. Protección da morfoloxía fluvial.

Coa finalidade de mellorar a protección da morfoloxía fluvial ante a incidencia ecolóxica desfavorable dos aproveitamentos de areas, de pastos e de vexetación arbórea ou arbustiva, o establecemento de pontes ou pasarelas, embarcadoiros e instalacións para baños públicos e, en particular, para os

efectos da súa autorización ou concesión, en función da súa importancia e magnitude, os ríos da bacía do Douro clasifícanse en:

- a) Clase 1: ríos principais da bacía, con longos percorridos, importantes caudais e extensas formacións de ribeira. A banda de protección para estes ríos fíxase en 15 m en cada marxe.
- b) Clase 2: ríos medios, de caudal e lonxitude importante e, dependendo do caso, con boas formacións de ribeira en parte do seu trazado. A banda de protección para estes ríos fíxase en 10 m en cada marxe.
- c) Clase 3: resto dos ríos, regatos e outros leitos da bacía, de menor dimensión e en ocasións rectificadados, canalizados e sen vexetación de ribeira natural. A banda de protección para estes casos fíxase en 5 m en cada marxe, coincidindo coa largura da zona de servidume.

Os tramos fluviais asignados ás clases 1 e 2 relaciónanse no anexo 8.1; o resto dos ríos inclúense na clase 3.

Artigo 71. Ruptura da continuidade do leito.

1. A continuidade lonxitudinal e a conectividade lateral dos leitos é un valor que debe ser protexido. En particular, non poderá ser limitada cando iso supoña a deterioración do estado da masa de auga implicada, sen prexuízo do establecido no artigo 24, en relación a novas modificacións ou alteracións.
2. De conformidade co artigo 126 bis do Regulamento do dominio público hidráulico, calquera obra que se realice sobre o leito, independentemente de cal sexa a súa finalidade, ben se trate de azudes, captacións, derivacións, instalacións de medida ou calquera outra actuación, deberá levarse a cabo garantindo a súa franqueabilidade, tanto en ascenso coma en descenso, pola ictiofauna autóctona presente no tramo afectado ou pola que potencialmente corresponde que poboee este. Para tal efecto, as citadas obras e instalacións contarán cos correspondentes pasos polos cales deberá circular un caudal de auga e sedimentos adecuado ao propósito perseguido, e que figurarán nos condicionados das novas concesións ou naquelas que sexan revisadas ou modificadas.
3. A franqueabilidade das novas infraestruturas incorporárase nos condicionados das novas concesións, así como naquelas que sexan revisadas ou modificadas. As infraestruturas restantes con altura sobre leito menor de 10 m que non resulten franqueables deberán adecuarse para garantir a continuidade dos leitos.
4. A Confederación Hidrográfica do Douro, de conformidade co artigo 28 do Plan hidrolóxico nacional e o artigo 126 bis 4 do Regulamento do dominio público hidráulico, valorando o efecto ambiental e económico de cada caso, poderá impulsar a demolición das infraestruturas que non cumpran ningunha función ligada ao aproveitamento das augas que contén coa correspondente autorización ou concesión e, polo tanto, se encontren abandonadas, logo de tramitación do expediente de extinción ou modificación de características iniciado de oficio.

5. A avaliación da franqueabilidade levarase a cabo conforme os indicadores hidromorfolóxicos de continuidade para a valoración do estado das masas de auga da categoría *río* establecidos no artigo 12 e nos anexos 2.11 e 2.12.

6. A continuidade lateral entre o leito e a zona de inundación, fóra de tramos urbanos, deberá ser respectada. En particular, non poderán desenvolverse defensas sobreelevadas (camallóns) que illen o leito da súa chaira de inundación sen a avaliación previa dos seus impactos ambientais, conforme os artigos 57 e 59. A Confederación Hidrográfica do Douro estudará, coas debidas garantías de seguridade para persoas e bens, a viabilidade de eliminar, recuar ou suavizar os camallóns e demais defensas sobreelevadas existentes que limiten a mobilidade natural do leito.

Artigo 72. *Protección contra inundacións.*

1. De conformidade co previsto no artigo 11.3 do texto refundido da Lei de augas e no Real decreto lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo, e sen prexuízo do que no momento da súa aprobación establezan os plans de xestión do risco de inundación redactados de acordo cos artigos 11, 12 e 13 do Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión do risco de inundación ou as súas posteriores revisións, conforme o previsto no artigo 106 deste plan, a ordenación de usos do solo nas zonas inundables que leven a cabo as comunidades autónomas e administracións locais en exercicio das súas competencias terá en conta os seguintes criterios de coordinación:

- a) Os usos do solo que poidan permitirse na zona de fluxo preferente serán tales que os danos potenciais por causa das enchentes sexan moderados e non se obstrúa o fluxo das augas.
- b) Para o resto da zona inundable:
 - 1º As edificacións de carácter residencial deberán ter a súa planta baixa ou os sotos, se os houber, a unha cota tal que as citadas construcións non se vexan afectadas pola enchente con período de retorno de 100 anos.
 - 2º As construcións non residenciais (industriais, gandeiras, comerciais, etc.) deben estar situadas a cota suficiente para evitar que durante a enchente de período de retorno de 100 anos se produzan alturas de inundación sobre o chan superiores a 50 cm, salvo que se adoptasen en todo o conxunto medidas impermeabilizadoras ata o nivel da dita enchente.

2. Na falta de estudos específicos, a cartografía de referencia sobre as distintas categorías do ámbito inundable será a ofrecida polo sistema de información da Confederación Hidrográfica do Douro, que contribuirá á configuración do Sistema nacional de cartografía de zonas inundables conforme o establecido no artigo 10 do Real decreto 903/2010, do 9 de xullo.

3. Na xestión de inundacións terase en conta o Acordo do Consello de Ministros, do 29 de xullo de 2011, polo que se aproba o Plan estatal de

protección civil ante o risco de inundacións, así como o Acordo do Consello de Ministros polo que se aproba a Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de inundacións, que establece o contido e funcións básicas dos plans das comunidades autónomas. Para tal efecto, serán aplicables nos seus respectivos ámbitos territoriais os plans de protección civil ante o risco de inundacións das comunidades autónomas de Castilla y León (homologado pola Comisión Nacional de Protección Civil o 24 de marzo de 2010), de Galicia (21 de febreiro de 2002), de Cantabria (24 de marzo de 2010), de Castilla-La Mancha (24 de marzo de 2010), e de Extremadura (10 de xullo de 2007) e de Asturias (24 de marzo de 2010).

Artigo 73. *Caudal sólido.*

O transporte natural de material sedimentario sólido, mediante suspensión, saltación ou rodamiento, recoñécese como parte integrante do caudal natural dos ríos, esencial para a súa evolución e desenvolvemento morfolóxico.

A avaliación do impacto das obras transversais ao leito prevista no artigo 126 bis 5 do Regulamento do dominio público hidráulico garantirá que estas non supoñen un obstáculo do paso do caudal sólido en situacións de normalidade ou prealerta, definida de acordo co sistema de indicadores adoptado no Plan de actuación en situacións de alerta e eventual seca na bacía do Douro.

SECCIÓN SEGUNDA Figuras de protección

Artigo 74. *Rexistro de zonas protexidas.*

1. O Rexistro de zonas protexidas da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro encóntrase integrado no sistema de información Mírame da Confederación Hidrográfica do Douro. Nel recóllense as diversas figuras de protección que debe incorporar de acordo co artigo 24 do Regulamento da planificación hidrolóxica, así como as xeometrías definidas polas entidades xeoespaciais correspondentes.

2. Conforme o establecido no artigo 25.2 do Regulamento da planificación hidrolóxica, as administracións competentes por razón da materia facilitaránlle á Confederación Hidrográfica do Douro a información precisa para manter actualizado o Rexistro de zonas protexidas baixo a supervisión do Comité de Autoridades Competentes da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro.

3. Sen prexuízo de atender as solicitudes de información formuladas de conformidade coa Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, e conforme o previsto no artigo 25.3 do Regulamento da planificación hidrolóxica, o Rexistro de zonas protexidas da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro é de consulta pública permanente no

endereço electrónico do sistema de información da Confederación Hidrográfica do Douro: <http://www.mirame.chduero.es>

Artigo 75. Medidas en relación coas zonas protexidas para captación de auga destinada ao consumo humano.

1. As zonas protexidas destinadas á produción de auga potable, definidas nos números 5.2 e 5.3 da memoria do Plan hidrolóxico conforme o establecido no artigo 24.2 do Regulamento da planificación hidrolóxica, contarán cun seguimento específico do seu estado co obxecto de garantir a súa protección e identificar as posibles presións que dificulten o logro dos obxectivos específicos fixados para estas zonas.

2. Co obxecto de acomodar as condicións das verteduras ás exixencias de calidade fixadas para estas zonas protexidas, a Confederación Hidrográfica do Douro poderá revisar as autorizacións de vertedura outorgadas sobre as mencionadas zonas protexidas para a captación de augas destinadas ao consumo humano, de acordo co previsto no artigo 81.

3. Calquera autorización ou concesión de augas que supoña a transformación en regadío, ou a localización de instalacións gandeiras ou industriais sobre as zonas de salvagarda de captacións de auga superficial ou subterránea para abastecemento urbano, incluídas no Rexistro de zonas protexidas da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro, requirirá que se evidencie a inocuidade da actuación sobre as augas de abastecemento urbano captadas dentro da zona de salvagarda, para o cal se lle pedirá informe á Administración local ou autonómica implicada.

Artigo 76. Definición de reservas naturais fluviais.

De conformidade co previsto nos artigos 42.1.b.c) do texto refundido da Lei de augas e 25 do Plan hidrolóxico nacional, establécense, dentro dos bens de dominio público hidráulico, as reservas naturais fluviais da bacía española do Douro que se enumeran no anexo 8.2. A súa localización e datos de caracterización encóntranse dispoñibles no sistema de información Mirame, que engloba o Rexistro de zonas protexidas da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro.

Artigo 77. Criterios para a conservación das reservas naturais fluviais.

1. As reservas definidas limitanse aos bens de dominio público hidráulico correspondentes aos segmentos fluviais asociados a cada reserva. Nestes tramos non se autorizarán actividades que poidan afectar as súas condicións naturais modificando o fluxo das augas, a morfoloxía dos leitos ou alterando negativamente a calidade das augas. Consecuentemente, de conformidade co establecido no artigo 25 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, queda prohibido o outorgamento de novas concesións ou autorizacións de uso dos mencionados bens de dominio público que poidan pór en risco o mantemento do moi bo estado.

2. Excepcionalmente, cando non exista unha posibilidade alternativa que se poida considerar viable e se tomen as precaucións necesarias para manter o moi bo estado, poderanse outorgar concesións para o abastecemento daqueles núcleos urbanos consolidados, situados na bacía vertente da zona protexida, que o requiran.

Artigo 78. Identificación de zonas de protección especial.

De conformidade co previsto no artigo 43.2 do texto refundido da Lei de augas, establécense dentro dos bens de dominio público hidráulico as zonas de protección especial que se enumeran no anexo 8.3. A súa localización e datos de caracterización encóntranse dispoñibles no sistema de información Mírame, que engloba o Rexistro de zonas protexidas da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro.

Artigo 79. Condicións específicas para a protección das zonas de protección especial.

Non se poderán levar a cabo actividades que poidan afectar gravemente as condicións naturais das zonas de protección especial, xa sexa modificando o fluxo das augas ou a morfoloxía dos leitos. Non se admitirán, en ningún caso, accións que poñan en risco o obxectivo xeral de bo estado ou supoñan a deterioración adicional do estado destes segmentos fluviais.

Artigo 80. Inventario de zonas húmidas da bacía do Douro.

1. O inventario de zonas húmidas da bacía do Douro, para os efectos establecidos nos artigos 111 do texto refundido da Lei de augas, 31 do Plan hidrolóxico nacional e 275 a 283 do Regulamento do dominio público hidráulico, está formado polos espazos que aparecen listados no anexo 8.4.

2. O sistema de información Mírame almacena as entidades espaciais e os datos básicos de caracterización correspondentes ás zonas húmidas da bacía do Douro.

3. A Confederación Hidrográfica do Douro garante o mantemento, actualización e posta á disposición pública do Inventario de zonas húmidas da bacía do Douro, que forma parte do Rexistro de zonas protexidas.

4. De conformidade co previsto no artigo 243 do Regulamento do dominio público hidráulico, sen prexuízo da zona de servidume e policía establecidas no artigo 96 do texto refundido da Lei de augas, as marxes dos lagos, encoros e zonas húmidas da bacía española do Douro, recollidas no inventario, gozan dunha banda de protección de 15 m ao redor do seu maior nivel ordinario, con análogos efectos aos das bandas de protección fluvial establecidas no artigo 70.

SECCIÓN TERCEIRA Verteduras

Artigo 81. *Autorizacións de vertedura.*

De conformidade co artigo 104 do texto refundido da Lei de augas, a Confederación Hidrográfica do Douro, cando teña evidencia de que unha vertedura autorizada dá lugar a un impacto suficientemente significativo sobre unha masa de auga como para que non sexa posible alcanzar o obxectivo ambiental xeral previsto no Plan hidrolóxico ou o particular exigible para determinadas zonas protexidas, poderá revisar a correspondente autorización de vertedura co obxecto de adecuar os límites cuantitativos e cualitativos do efluente ás normas e obxectivos de calidade que define o Plan hidrolóxico para a masa ou masas de auga afectadas.

Artigo 82. *Verteduras procedentes de zonas urbanas.*

1. Sen prexuízo das normas técnicas que con carácter xeral poida adoptar o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, no deseño das redes de saneamento de zonas urbanas da bacía do Douro teranse en conta, ademais dos establecidos no artigo 259 ter 1 do Regulamento do dominio público hidráulico, os seguintes:

- a) Os proxectos de novos desenvolvementos urbanos deberán establecer preferentemente redes de saneamento separativas para augas residuais e augas pluviais de escorrento. Excepcionalmente poderán aceptarse redes unitarias, cuxa conveniencia deberá quedar claramente xustificada ao solicitar a autorización de vertedura ante o organismo de bacía.
- b) No suposto de formularse unha agregación ou comunidade de verteduras, o titular da vertedura integrada deberá presentar ante a Confederación Hidrográfica do Douro, xunto coa solicitude de autorización, un estudo específico que lle permita ao organismo de bacía a valoración dos efectos que, en termos de caudal circulante e calidade da auga, producirá a dita agregación sobre os leitos.
- c) Con carácter xeral, na falta de estudos específicos que detallen e xustifiquen particularmente unha solución diferente, a capacidade dos colectores augas abaixo dos dispositivos de alivio dos sistemas unitarios de saneamento será, como mínimo, de 20 litros/segundo por cada 1.000 habitantes equivalentes.

2. Os entes xestores dos sistemas públicos de saneamento ou os titulares das comunidades de verteduras disporán dun censo, conforme o artigo 246.3 do Regulamento do dominio público hidráulico, actualizado e á disposición do organismo de bacía, das verteduras susceptibles de conter substancias perigosas e daquelas cuxo volume anual sexa superior a 30.000 metros cúbicos.

3. De conformidade cos artigos 245.5.b) e 251.1 b) 3º do Regulamento do dominio público hidráulico, queda prohibida a utilización de recursos hídricos como técnicas de dilución de verteduras co obxecto de alcanzar os valores

límite de emisión nas súas augas receptoras. Non obstante, o presidente do organismo de bacía, oída a Comisión de Desaugamento de Encoros, poderá ordenar desaugamentos de encoros extraordinarios e urxentes para a dilución de verteduras accidentais ou como medida en situacións de seca.

Artigo 83. *Verteduras procedentes de zonas industriais.*

Sen prexuízo das normas técnicas que con carácter xeral poida adoptar o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, á hora de autorizar a vertedura de augas residuais procedentes de zonas industriais na bacía do Douro teranse en conta, ademais dos criterios establecidos no artigo 259 ter 2 do Regulamento do dominio público hidráulico, os seguintes:

- a) Os solicitantes de calquera autorización de verteduras industriais, ademais de atenderen cando corresponda ao procedemento xeral descrito no artigo 246 do Regulamento do dominio público hidráulico, presentarán unha memoria sobre as características do proceso industrial, indicando claramente aquelas fases deste que orixinen verteduras. Presentarase un esquema das súas liñas de recollida, co punto de vertedura final ou de conexión á rede de colectores xerais.
- b) No caso de industrias localizadas en áreas ou polígonos industriais, non se admitirán verteduras sen conectar ás redes comúns de colectores propias da zona industrial ou, de ser o caso, á rede pública urbana de colectores que atenda esa zona. Neste último suposto, deberase dispor dun sistema propio de depuración cando os ditos efluentes superen os valores límite de emisión establecidos na correspondente ordenanza municipal. De non existir ordenanza municipal que o detalle, os valores de referencia para determinar o tratamento requirido serán os dunha vertedura urbana tipo.
- c) As industrias que inclúan procesos químicos, biolóxicos ou radioactivos que poidan provocar verteduras accidentais de substancias tóxicas de medición non habitual deberán habilitar obstáculos físicos que impidan eventuais verteduras ao sistema fluvial, ao terreo ou aos acuíferos. Con tal propósito, as estacións depuradoras disporán de depósitos que permitan o almacenamento da auga sen tratar que se puider acumular por paradas súbitas ou programadas. Estes dispositivos de almacenamento deberanse dimensionar de maneira que se dispoña dun tempo de aviso previo ante eventuais situacións de emerxencia que poidan impedir o pleno rendemento da planta de tratamento. O dito tempo calcularase en función das características da vertedura, das do leito receptor e dos medios adicionais que se poidan habilitar.

Artigo 84. *Verteduras de augas pluviais.*

Sen prexuízo das normas técnicas que con carácter xeral poida adoptar o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, á hora de autorizar a vertedura de augas pluviais de escurramento na bacía do Douro teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Toda vertedura de augas pluviais integrada con outras procedentes de zonas urbanas ou industriais deberá contar cun sistema laminador que trate de evitar o rebordamento das verteduras urbanas ou industriais a que pode acompañar. En todo caso, o mencionado alivio poderá incorporar como máximo augas residuais urbanas ou industriais non tratadas en concentracións non superiores a 1:6, e poderase chegar a exixir a súa redución ata 1:10 en función da sensibilidade do medio receptor valorada polo organismo de bacía.
- b) A vertedura directa de augas pluviais deberá contar cun sistema que limite a saída de sólidos, así como das graxas, hidrocarburos e demais flotantes, que deberán ser retirados e trasladados para o seu tratamento e recollida segundo corresponda.
- c) Calquera novo sistema de drenaxe de superficies impermeabilizadas, como consecuencia da transformación do solo urbano, industrial ou de servizos, deberá contar cunha capacidade mínima de retención da vertedura ocasional de augas pluviais que non será inferior a 25 m³/ha de área impermeabilizada; poderá resultar xustificable unha menor capacidade de retención pola utilización de pavimentos filtrantes ou cando se xustifique un volume menor correspondente ao da precipitación máxima para un período de retorno de cinco anos e duración igual ao tempo de concentración da rede. O rebordamento deste sistema de laminación deberá atender aos requisitos fixados no punto anterior.
- d) O uso das augas pluviais de forma que se evite parcial ou totalmente a súa vertedura aos leitos públicos implicará a non aplicación do canon de control de verteduras sobre as ditas augas pluviais, pois non concorre neste caso o feito impoñible previsto no artigo 113 do texto refundido da Lei de augas.

Artigo 85. Verteduras en leitos naturais con réxime intermitente de caudal.

1. Conforme o artigo 259 bis do Regulamento do dominio público hidráulico, toda vertedura de augas residuais que se realice a leitos naturais con réxime intermitente de caudal e non chegue a alcanzar unha corrente permanente considerarase como realizada sobre o terreo, é dicir, como unha vertedura indirecta ás augas subterráneas mediante filtración a través do solo, sen prexuízo das condicións que, de ser o caso, sexan determinadas na autorización de vertedura de conformidade co número 3. Consecuentemente, os obxectivos de calidade serán os que correspondan ás masas de auga subterránea sobre as cales se sitúen os distintos tramos do leito. En todo caso, evitaranse encharcamentos e situacións insalubres da contorna.

2. Para autorizar a vertedura a leitos con réxime intermitente de caudal, a Confederación Hidrográfica do Douro, tras unha valoración preliminar do seu risco, deberá requirirle ao solicitante a presentación dun estudo hidroxolóxico que, atendendo aos requisitos establecidos nos artigos 257 e 258 do Regulamento do dominio público hidráulico, demostre a súa inocuidade.

3. A Confederación Hidrográfica do Douro concretará, na autorización de vertedura a leitos con réxime intermitente de caudal, as condicións en que

queda permitida, diferenciando a situación en que a vertedura se realice sobre un caudal continuo da que se realice sobre o leito e non chegue a alcanzar unha corrente permanente.

Artigo 86. Verteduras ás augas subterráneas.

1. Sen prexuízo do previsto no número 3, queda prohibida a vertedura directa ás augas subterráneas dentro do ámbito territorial deste plan hidrolóxico, mais poderán autorizarse actuacións de recarga artificial reguladas nos artigos 66 e 67, ou aproveitamentos xeotérmicos abertos como os regulados no artigo 68.
2. Cando a Confederación Hidrográfica do Douro identifique que parte ou a totalidade dunha masa de auga subterránea se encontra contaminada por verteduras directas, voluntarias ou accidentais, poderá desenvolver un plan de actuación dirixido a solucionar o problema identificado cuxo custo repercutirá sobre os causantes da contaminación, sen prexuízo da cualificación, como proceda, das actuacións realizadas polos particulares.
3. Con carácter excepcional, atendendo aos condicionados establecidos no artigo 259 do Regulamento do dominio público hidráulico, poderase autorizar a vertedura ás augas subterráneas de rastrexadores artificiais para o desenvolvemento de estudos técnicos ou científicos.

Artigo 87. Verteduras indirectas ás augas subterráneas.

Con carácter excepcional, poderase autorizar a vertedura indirecta ás augas subterráneas de augas residuais procedentes de industrias agroalimentarias de tempada, illadas, cuxa actividade industrial sexa inferior a dous meses ao ano e cuxa carga contaminante sexa basicamente orgánica, sempre que se dispoña dunha superficie de terreo agrícola de aplicación adecuada e suficiente a xuízo do organismo de bacía, atendendo en todo caso ás condicións do artigo 259 e 259 bis do Regulamento do dominio público hidráulico.

SECCIÓN CUARTA Reutilización

Artigo 88. Reutilización de augas depuradas.

A reutilización de augas depuradas estímase compatible co Plan hidrolóxico, para os efectos do establecido no artigo 8.5 do Real decreto 1620/2007, do 7 de decembro, sempre e cando o novo uso non poña en risco a circulación do réxime de caudais ecolóxicos establecido nin a consecución dos obxectivos ambientais previstos para as masas de auga afectadas, tanto respecto á masa que sofre a mingua de caudal como á que, se é o caso, recibe o retorno dos volumes reutilizados.

Artigo 89. Reutilización de augas de achique de minas.

1. O aproveitamento das augas de achique dunha explotación mineira, entre as cales se inclúen para os efectos deste precepto as operacións de

aproveitamento de areas, é considerado como un uso de auga subterránea para a atención de industrias extractivas que require a correspondente concesión, que será outorgada pola Confederación Hidrográfica do Douro, de acordo co artigo 174 do Regulamento do dominio público hidráulico, sen prexuízo da necesidade de tramitar unha autorización de vertedura nos termos previstos no artigo 44.

2. Se existiren augas sobrantes, de conformidade cos artigos 57.2 do texto refundido da Lei de augas e 175 do Regulamento do dominio público hidráulico, que o desenvolve, o titular do aproveitamento mineiro poraas á disposición do organismo de bacía, que determinará o seu destino ou as condicións en que se deba realizar o desaugamento na correspondente autorización de vertedura.

Artigo 90. Recirculación de retornos de rega.

1. As augas circulantes polas canles de drenaxe e colectores dentro dos límites da zona regable correspondente á superficie con dereito a rega a que se vincula a concesión de augas, en canto non se produza a reintegración ao río, teñen a consideración de augas xa concedidas, polo que a súa recirculación para a rega da dita zona regable non se considerará novo uso.

2. O uso dos retornos de rega procedentes dunha zona regable con concesión, cando non se vaia levar a cabo dentro da mesma zona regable de que proceden, será obxecto de concesión cuxo volume se terá en conta no control dos retornos de regas para os efectos previstos no artigo 6 da Orde ARM/1312/2009, do 20 de maio.

3. Todos os retornos de rega deberán cumprir antes da súa incorporación a acuíferos ou leitos as normas de calidade ambiental e normativa asociada ao medio receptor.

CAPÍTULO SÉTIMO **Réxime económico financeiro**

Artigo 91. Recuperación do custo dos servizos da auga.

1. A recuperación do custo dos servizos públicos da auga e dos custos ambientais non internalizados terá como finalidade o fomento dun uso cada vez máis eficiente da auga e do resto de bens de dominio público hidráulico, contribuíndo con iso ao logro dos obxectivos de bo estado e de mellora da atención das necesidades de auga. Con tal fin, as autoridades con competencias na subministración establecerán estruturas tarifarias por tramos de consumo, coa finalidade de poder atender as necesidades básicas a un prezo alcanzable e desincentivar os consumos excesivos.

2. As comunidades de usuarios poderán introducir nas exaccións que repercuten sobre os seus comuneiros un factor corrector do importe que se satisfará individualmente en cada caso, en función da dotación aplicada polo comuneiro en relación coa parte porcentual que lle corresponde do volume

servido pola comunidade, de tal forma que os usuarios máis eficientes no uso da auga se vexan beneficiados.

Artigo 92. *Excepcións ao principio de recuperación de custos.*

1. De conformidade co artigo 111.bis.3 do texto refundido da Lei de augas, en relación co artigo 42.4 do Regulamento da planificación hidrolóxica, o presidente da Confederación Hidrográfica do Douro poderalle propor ao ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a aprobación de excepcións ao principio de recuperación de custos para determinados usos tendo en conta as consecuencias sociais, ambientais e económicas, así como as condicións xeográficas e climáticas de cada territorio. A dita proposta deberá respectar as seguintes condicións:

- a) As unidades de demanda afectadas pola excepción non supoñen un risco para a consecución dos obxectivos ambientais nin para o resto dos obxectivos fixados neste plan hidrolóxico.
- b) A auga utilizada polas citadas unidades de demanda é menor ao 60 % da dotación obxectivo fixada neste plan hidrolóxico.

2. Así mesmo, cando as condicións indicadas no punto anterior se dean en máis do 25 % da superficie de rega por encontrarse a subzona correspondente en situación de seca despois de superar o limiar de alerta durante, polo menos, tres meses da campaña de rega, o presidente da Confederación Hidrográfica do Douro, de oficio ou por instancia da Xunta de Explotación, poderalle solicitar ao ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral da Auga, medidas extraordinarias para paliar a situación, entre as cales cabe incorporar a excepción ao pagamento dos canons e tarifas, e que como tales terán unha vixencia temporal subordinada á situación que as motiva.

CAPÍTULO OITAVO Seguimento e revisión do Plan hidrolóxico

SECCIÓN PRIMEIRA Participación pública

Artigo 93. *Proxecto de participación pública.*

1. O Proxecto de participación pública do Plan hidrolóxico encóntrase dispoñible na páxina web da Confederación Hidrográfica do Douro dentro da sección de Planificación.
2. As sucesivas revisións do proxecto de participación pública serán sometidas a consulta pública conforme o previsto no artigo 97.

Artigo 94. *A base de datos Participa.*

A base de datos Participa, creada mediante a Orde ARM/1869/2011, do 27 de xuño, inscrita no Rexistro Xeral de Protección de Datos co código 2091480411 o día 28 de maio de 2009, forma parte do sistema de información Mírame

regulado no artigo 3 e ten como finalidade manter organizada e operativa a documentación da actividade participativa desenvolvida polos distintos axentes interesados no proceso de planificación hidrolóxica da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro.

Artigo 95. Condición de interesado.

1. Teñen a condición de interesados no proceso de planificación hidrolóxica da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro, para os efectos previstos nos artigos 79.4 e 80.2 do Regulamento da planificación hidrolóxica, aqueles axentes rexistrados na base de datos Participa.

2. A condición de interesado no proceso de planificación hidrolóxica adquirese automaticamente e rexístrase a alta na base de datos Participa por ser membro da Xunta de Goberno, do Comité de Autoridades Competentes ou do Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica do Douro. En sentido inverso, a condición de interesado pérdese automaticamente cando se deixa de formar parte dos citados órganos de goberno, cooperación, planificación e participación da bacía española do Douro.

3. Igualmente, adquiren a condición de interesado, e rexístranse como tales na base de datos Participa, os que sexan identificados con tal condición pola autoridade ambiental no documento de referencia do proceso de avaliación ambiental estratéxica do Plan hidrolóxico.

4. Os asinantes das alegacións rexístranse na base de datos Participa e, salvo que formen parte dalgúns dos entes citados no número 2 ou reúnan a condición de persoa interesada de conformidade co artigo 2.2 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, serán considerados público en xeral para os efectos sinalados no artigo 75.1 do Regulamento da planificación hidrolóxica.

5. A condición de interesado adquirese tamén, e rexístrase na base de datos Participa, por solicitude expresa do axente dirixida á Oficina de Planificación Hidrolóxica da Confederación Hidrográfica do Douro con este propósito e que reúna os requisitos mencionados no número anterior. Igualmente, mediante o dito procedemento, calquera interesado pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos consignados no ficheiro Participa.

Artigo 96. Accións de información pública.

A información pública respecto aos documentos do proceso de planificación sinalados no número 1 da disposición adicional décimo segunda do texto refundido da Lei de augas queda garantida pola Confederación Hidrográfica do Douro, atendendo ao previsto no artigo 73.2 do Regulamento da planificación hidrolóxica, mediante o mantemento dunha sección específica dentro do seu portal web onde se publican os citados documentos, posibilitando a súa consulta e descarga e, adicionalmente, depositando os documentos impresos na biblioteca da Confederación Hidrográfica do Douro.

Artigo 97. *Accións de consulta pública.*

1. A consulta pública dos documentos do proceso de planificación sinalados nos artigos 77 a 80 do Regulamento da planificación hidrolóxica, así como do proxecto de participación pública requirido polo artigo 72 do Regulamento da planificación hidrolóxica, será desenvolvida pola Confederación Hidrográfica do Douro na forma e prazos establecidos regulamentariamente, mediante envío dos mencionados documentos aos axentes rexistrados como interesados na base de datos Participa e solicitando a presentación de alegacións sobre eles.
2. Atendendo ao carácter internacional da Demarcación Hidrográfica do Douro, a Confederación Hidrográfica do Douro realizará as oportunas consultas transfronteirizas de conformidade co artigo 11.4 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. Adicionalmente, informará a Secretaría española da Comisión para a Aplicación e Desenvolvemento do Convenio de Albufeira.
3. O envío en soporte papel poderá quedar limitado a un resumo explicativo dos contidos completos dispoñibles na sección de Planificación integrada na páxina web da Confederación Hidrográfica do Douro.
4. As alegacións presentadas por escrito aos documentos do proceso de planificación serán públicas.

Artigo 98. *Accións de participación activa.*

A Confederación Hidrográfica do Douro fomentará a participación activa no proceso de planificación mediante a realización de sesións públicas de libre acceso, que terán lugar, polo menos, ao inicio de cada un dos episodios de consulta pública correspondentes aos documentos iniciais, intermedios e finais do proceso de planificación.

Artigo 99. *Documentación e introdución de cambios polas alegacións recibidas.*

1. Ademais do informe da Confederación sobre as alegacións recibidas durante o período de información pública, previsto no artigo 80.4 do Regulamento da planificación hidrolóxica, os cambios que se introduzan nos documentos do proceso de planificación a partir da estimación total ou parcial das alegacións recibidas documentaranse nun anexo do documento final modificado, no cal se codificará cada cambio, se especificará o documento en que figura o cambio, a localización do cambio dentro do mencionado documento, a motivación que leva a introducir ese cambio e a descrición resumida deste.
2. Cando, durante o período de consulta pública dos documentos promovidos polo propio organismo de bacía, sexan os propios servizos técnicos da Confederación Hidrográfica do Douro os que identifiquen algunha oportunidade de mellora significativa que aconselle a modificación dos documentos sometidos a consulta, será preciso, antes de levala a efecto, que os mencionados servizos técnicos acheguen as correspondentes alegacións, que serán públicas e valoradas xunto co resto das alegacións presentadas.

SECCIÓN SEGUNDA
Seguimento do Plan hidrolóxico

Artigo 100. Seguimento do estado das augas.

A Confederación Hidrográfica do Douro ocuparase de completar os programas de seguimento do estado das augas e rexistrar as pertinentes métricas que faciliten o cálculo dos elementos de calidade precisos para valorar correctamente os indicadores con que determinar o estado de todas as masas de auga da parte española da demarcación. Os resultados deste traballo irán progresiva e episodicamente sendo integrados no sistema de información Mírame da Confederación Hidrográfica do Douro para facilitar a obtención dunha visión xeral do dito estado, tendo en conta tamén os obxectivos ambientais específicos das zonas protexidas. Anualmente elaborárase un informe sobre o seguimento do estado das masas de auga que valore a evolución das diferenzas existente entre os resultados que se obteñan e os obxectivos ambientais fixados neste plan hidrolóxico. Este informe integrarase no que, conforme o previsto no artigo 87.4 do Regulamento da planificación hidrolóxica, anualmente deberá ser presentado ao Consello da Auga da demarcación e remitido ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Artigo 101. Seguimento do programa de medidas.

A Confederación Hidrográfica do Douro realizará o seguimento continuado do grao de implantación do programa de medidas incorporado no Plan hidrolóxico no anexo 12 da memoria. Para a realización deste labor, o catálogo de medidas documentarase no sistema de información Mírame do organismo de bacía. Os datos froito deste seguimento incluírán, polo menos, a seguinte información:

- a) Actualización dos datos de caracterización de cada medida.
- b) Grao e progreso na execución ou implantación da medida.
- c) Data de entrada en servizo da actuación ou, para o caso dos instrumentos de xestión, de entrada en vigor.
- d) Investimento efectivo e custos de mantemento.
- e) Estimación da eficacia da medida.
- f) Rexistro e análise de desviacións respecto ao inicialmente programado.

Como froito deste labor prepararase un informe anual, que se integrará no que debe ser presentado ao Consello da Auga e remitido ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Artigo 102. Seguimento dos réximes de caudais ecolóxicos.

A Confederación Hidrográfica do Douro realizará os pertinentes estudos de seguimento adaptativo dos réximes de caudais ecolóxicos recollidos no Plan hidrolóxico, que darán lugar ao seu axuste e á determinación dos valores non fixados nesta primeira versión, para completar a súa implantación antes do 31 de decembro de 2015, data da próxima revisión do Plan.

Artigo 103. *Outros traballos de seguimento.*

A Confederación Hidrográfica do Douro poderá desenvolver os estudos que considere oportunos para levar a cabo o seguimento do Plan hidrolóxico; para tal efecto as distintas autoridades competentes e demais entidades públicas ou privadas implicadas, usuarias da auga e do dominio público hidráulico, achegarán a información que se lles solicite xustificadamente co mencionado propósito.

SECCIÓN TERCEIRA
Revisión do Plan hidrolóxico

Artigo 104. *Revisión do Plan hidrolóxico.*

O Plan hidrolóxico deberá ser revisado, por proposta do Consello da Auga do Douro, cando os cambios ou desviacións que se observen nos seus datos, hipóteses ou resultados así o aconsellen. En calquera caso, realizarase unha revisión completa antes do 31 de decembro de 2015 e, a seguir, cada seis anos, de conformidade co 89 do Regulamento da planificación hidrolóxica.

Artigo 105. *Revisión do Plan especial de secas.*

1. O Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro acomodará o seu ciclo de revisión ao do Plan hidrolóxico de bacía, tal e como se prevé no capítulo 9 do mencionado plan especial, de tal forma que se verifique que tanto o sistema de indicadores coma as medidas de prevención e mitigación das secas son concordantes cos obxectivos concretos da planificación hidrolóxica segundo se vaian actualizando nas sucesivas revisións do presente plan hidrolóxico, tal e como figura na disposición derradeira primeira do Real decreto aprobatorio do Plan.

Artigo 106. *Revisión do Plan de xestión de zonas inundables.*

1. O Plan de xestión do risco de inundación da bacía do Douro acomodará o seu ciclo de revisión ao do Plan hidrolóxico, conforme o establecido no artigo 14 do Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de tal forma que se verifique que os obxectivos do primeiro son claramente concordantes co cumprimento dos obxectivos ambientais establecidos no Plan hidrolóxico, o cal incorporará os criterios sobre estudos, actuacións e obras para previr e evitar os danos debidos a inundacións, enchentes e outros fenómenos hidráulicos a partir do establecido no Plan de xestión do risco de inundación da bacía española do Douro.

2. Conforme o sinalado na disposición adicional segunda do Regulamento do dominio público hidráulico, a Confederación Hidrográfica do Douro deberá dispor, como moi tarde o 31 de decembro de 2015, dun inventario de puntos de desbordamento de augas de escorremento, que formará parte do inventario de presións antropoxénicas significativas a que se refire o artigo 15 do Regulamento da planificación hidrolóxica. Para iso os titulares de verteduras industriais e verteduras urbanas de máis de 2.000 habitantes equivalentes deberán comunicar ao organismo de bacía a localización e número destes puntos antes do 31 de decembro de 2014.

Anexo 1
Composición do Comité de Autoridades Competentes

Membros do Comité de Autoridades Competentes no momento de aprobar o Plan.

Función	Nome e apelidos	Organismo	Cargo	Enderezo	Localidade
Presidente	José Valín Alonso	CHD	Presidente	Muro, 5	Valladolid
Secretario	Elías Sanjuán de la Fuente	CHD	Secretario xeral	Muro, 5	Valladolid
Vogal	Santiago Salas Collantes	MAEeC	Presidente da Comisión de Límites	Salvador Galvache, 1	Madrid
Vogal	Esteban Useros de la Calzada	MIEeT	D.X. da Área Funcional de Industria e Enerxía de Valladolid	Jesús Rivero Meneses, 1	Valladolid
Vogal	Fernando Carreras Vaquer	MSSSeI	Subdirector xeral de Sanidade Ambiental e Saúde Laboral	Paseo del Prado, 18-20	Madrid
Vogal	Liana Ardiles López	Magrama	Directora xeral da Auga	Plaza S. Juan de la Cruz, s/n	Madrid
Vogal	Carlos Escartín Hernández	Magrama	Subdirector xeral de Xestión Integrada do DPH	Plaza S. Juan de la Cruz, s/n	Madrid
Vogal	Begoña Nieto Gilarte	Magrama	Directora xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal	Alfonso XII, 62	Madrid
Vogal	David Redondo Redondo	Cantabria	Director xeral de Medio Ambiente	Lealtad, 24	Santander
Vogal	Marta García de la Calzada	Castilla-La Mancha	Presidenta da Axencia da Auga de Castilla-La Mancha	Cristo de la Vega, s/n	Toledo
Vogal	Antonio Silván Rodríguez	Castilla y León	Conselleiro de Fomento e Medio Ambiente	Rigoberto Cortejoso, 14	Valladolid
Vogal	Adrián Martín López de las Huertas	Madrid	Director xerente do Canal de Isabel II	Santa Engracia, 125	Madrid
Vogal	Montaña Jiménez Espada	Extremadura	D.X. de Infraestruturas e Transporte. Consellería de Fomento, Vivenda, Ordenación do Territorio e Turismo	Avda. de las Comunidades, s.n.	Mérida
Vogal	Antonino Burgos Navajas	La Rioja	Conselleiro de Obras Públicas, Política Local e Territorial. Consellería de Obras Públicas, Política Local e Territorial	Marqués de Murrieta, 76	Logroño
Vogal	Agustín Hernández Fernández de Rojas	Galicia	Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	San Lázaro, s/n	Santiago de Compostela
Vogal	Jesús A. Sédano Pérez	FEMP	Alcalde de Toro	Plaza Mayor, 1	Toro
Vogal	Javier Lezcano Muñoz	FEMP	Alcalde de Palazuelos de Muño	Plaza Mayor, 1	Palazuelos de Muño

Anexo 2
Definición de masas de auga

Anexo 2.1. Listaxe de masas de auga da categoría *río natural*.

Código	Nome
DU-1	Río Esla desde a cabeceira ata augas abaixo de La Uña, e ríos Ríosol e de Valagar
DU-2	Río Yuso e afluentes desde a cabeceira ata o encoro de Riaño
DU-3	Río Isoba desde a cabeceira ata a confluencia co río Porma
DU-4	Río Porma e afluentes, desde a cabeceira ata a cola do encoro do Porma
DU-5	Río Esla desde augas abaixo de La Uña ata o encoro de Riaño, ríos de Maraña, da Puerta e da Vega del Cea
DU-6	Río Torrestio e afluentes desde a cabeceira ata San Emiliano
DU-7	Río Orza desde confluencia co río Tuerto ata o encoro de Riaño, e río Tuerto
DU-8	Río Orza desde a cabeceira ata a confluencia co río Tuerto
DU-9	Río Celorno desde a cabeceira ata a súa confluencia co río Silván, e regatos de Respina e de Rebueno
DU-10	Regato de Camplongo desde a cabeceira ata a confluencia co río Bernesga, e regato Tonín
DU-11	Río Curueño desde a cabeceira ata o límite do LIC "Montaña Central de León"
DU-12	Río Pisuerga desde a cabeceira ata o encoro de Requejada, e río Lores e regatos Pisuerga, Lazán, Lombatero e Lebanza
DU-13	Río Bernesga desde a cabeceira ata a confluencia co río Rodiezmo
DU-14	Río Rodiezmo desde a cabeceira ata a confluencia co río Bernesga
DU-15	Río Bernesga desde confluencia co río Rodiezmo ata a confluencia co regato da Pedrosa en La Vid, e río Fontún
DU-16	Río Bernesga desde confluencia co regato da Pedrosa ata a confluencia co río Casares
DU-18	Río Bernesga desde confluencia co río Casares ata límite LIC "Ribeiras do Río Esla e afluentes", e río Casares
DU-20	Río Bernesga desde Carbajal de la Legua (fin tramo piscícola) ata límite cidade de León
DU-21	Río Torío desde a cabeceira ata a confluencia co río de Torío, e río de Torío e regato de Palomera
DU-22	Regato de Torre desde a cabeceira ata a confluencia co río Luna
DU-23	Río Luna desde a cabeceira ata o encoro de Barrios de Luna e río de Torrestio e regatos da Loba e da Fuenfría
DU-24	Río Labias desde a cabeceira en Redilluera ata a confluencia co río Curueño
DU-25	Regato de Pardaminos desde a cabeceira ata a confluencia co río Porma
DU-27	Río Porma desde confluencia regato de Oville ata a confluencia regato Val Juncosa, e regatos do Arbejal, Solayomba e Val Juncosa
DU-28	Río Colle desde a cabeceira ata a confluencia co río Porma, e río da Losilla
DU-29	Río Porma desde confluencia regato Val Juncosa (principio tramo piscícola) ata a confluencia río Curueño
DU-31	Río Carrión desde a cabeceira ata o encoro de Camporredondo e regatos de Arauz e de Valdenievas
DU-32	Río Torío desde confluencia co río de Torío ata Getino, e río Valverdín
DU-33	Río Torío desde límite do LIC "Hoces de Vegacervera" en Getino ata a confluencia co regato de Correcillas e regatos Coladilla e de Correcillas
DU-34	Río Torío desde confluencia co regato de Correcillas ata a confluencia co río Bernesga, e regatos da Mediana, Viceo, Valle de Fenar e Molinos
DU-35	Regato de Riologo desde a cabeceira ata a confluencia co río Luna
DU-36	Regato do Valle desde a cabeceira augas abaixo de Siero de la Reina ata a confluencia co río Yuso
DU-38	Río Esla desde límite LIC "Ribeiras do río Esla e afluentes" augas arriba de Vega de Monasterio ata a confluencia co río Porma
DU-39	Río Bernesga desde confluencia co río Torío ata a confluencia co río Esla
DU-40	Río Esla desde confluencia co río Porma ata a confluencia co regato do Molinín nas proximidades de Valencia de Don Juan
DU-43	Río Órbigo desde confluencia con ríos Luna e Omañas ata Carrizo de la Ribera
DU-44	Río Órbigo desde Carrizo de la Ribera ata a confluencia co regato de Babardiel

Código	Nome
DU-45	Río Órbigo desde confluencia co regato de Babardiel ata límite tramo piscícola en Hospital de Órbigo
DU-46	Río Órbigo desde límite tramo piscícola en Hospital de Órbigo ata Villoria de Órbigo
DU-47	Río Órbigo desde Villoria de Órbigo ata a confluencia co río Tuerto, e río Tuerto
DU-48	Río Órbigo desde confluencia co río Tuerto ata límite do LIC "Ribeira do río Órbigo e afluentes"
DU-49	Río Órbigo desde o límite do LIC "Ribeiras do río Órbigo e afluentes" ata a confluencia co río Esla
DU-50	Río Tera desde confluencia co regato Valle Grande ata a confluencia co río Esla
DU-51	Río Dueñas desde a cabeceira ata a confluencia co río Esla
DU-52	Regato das Lomas desde a cabeceira ata o encoro de Camporredondo
DU-53	Río Castillería desde a cabeceira ata o encoro de La Requejada, e regato de Herrerueta
DU-54	Río Pereda desde a cabeceira ata o encoro de Barrios de Luna
DU-56	Regato de Mudá desde confluencia co río Arroyo del Molino e regato da Pradera ata a confluencia co río Pisuegra, e río Arroyo del Molino e regato da Pradera
DU-58	Río Omañas desde a cabeceira ata límite LIC "Omañas" e ríos Valdaín, Vallegordo, do Collado e regatos de Sabugo e Valdeyeguas
DU-59	Río de Salce desde a cabeceira ata a confluencia co río Omañas
DU-60	Río Omañas desde límite do LIC "Omañas" ata a confluencia co río Negro
DU-61	Río de Velilla desde a cabeceira ata a confluencia co río Negro, e ríos de Ceide, Soto, Olerico e Ariegos e regato da Bárcena
DU-63	Regato de Valdesamario desde nacemento ata a confluencia co río Omañas
DU-64	Río Omañas desde confluencia co río Negro ata LIC "Ribeiras río Órbigo e afluentes", e río Negro
DU-65	Río Omañas desde límite LIC "Ribeiras do río Órbigo e afluentes" ata a confluencia co río Luna
DU-66	Río Cea e afluentes desde a cabeceira ata a confluencia co regato de Peñacorada, e regatos do Valle e de Mental e ríos Tuejar e Cordijal
DU-67	Río Cea desde confluencia co regato de Peñacorada ata límite LIC "Ribeiras do río Cea" en Sahagún
DU-68	Río Ventanilla desde a cabeceira ata o encoro de Cervera
DU-69	Río Rubagón desde a cabeceira ata límite LIC e ZEPA "Fuentes Carrionas Fuente Cobre"
DU-70	Río Rubagón desde límite LIC e ZEPA "Fuentes Carrionas Fuente Cobre" ata a confluencia co río Camesa, e regato dos Prados
DU-71	Río Camesa desde a cabeceira ata a confluencia co regato Henares
DU-72	Río Valberzoso desde a cabeceira ata a confluencia co río Camesa
DU-73	Río Camesa desde confluencia co regato Henares ata a confluencia co río Rubagón, e regatos de Quintanas e Henares
DU-75	Río Grande desde a cabeceira ata augas abaixo de Besande
DU-76	Río Grande desde augas abaixo de Besande ata a confluencia co río Carrión en Velilla del Río Carrión
DU-77	Río da Duerna desde a cabeceira ata a confluencia co río Esla
DU-78	Río Valdavia desde a cabeceira ata a confluencia co regato de Villafría, e río das Heras e regato de San Román
DU-79	Río Valdavia desde confluencia co río das Heras ata a confluencia co río Pequeno, e regatos de Cornoncillo, das Cuevas, de Villafría e do Cubo
DU-80	Río Valdavia desde confluencia co río Pequeno ata a confluencia co río Avión, e río Pequeno
DU-81	Río Avión desde a cabeceira ata a confluencia co río Valdavia
DU-82	Río Torre desde a cabeceira ata a confluencia co río Luna, e regato de Piedrasecha
DU-83	Río Lucio desde a cabeceira ata o límite da ZEPA "Humada-Peña Amaya", e regato da Llana
DU-84	Río Camesa desde confluencia co río Rubagón ata a confluencia co río Pisuegra, e ríos Lucio e Rupión
DU-86	Río Pisuegra desde confluencia co río Camesa ata límite do LIC "Las Tuerces", e río Ritobas
DU-87	Río Pisuegra desde límite LIC "Las Tuerces" ata comezo da canle de Castilla-Ramal Norte,

Código	Nome
	e ríos Monegro e Villova
DU-88	Río Pisuerga desde conexión da canle de Castilla-Ramal Norte ata a confluencia co río Burejo
DU-89	Río Burejo desde a cabeceira ata a confluencia co río Pisuerga, e ríos Villavega e Tarabás
DU-90	Río Pisuerga desde confluencia co río Burejo ata a confluencia co regato de Riofresno, e regato de Soto Román
DU-91	Regato de Riofresno desde a cabeceira ata a confluencia co río Pisuerga, e ríos Fresno e Ríomance
DU-93	Regato de Peñacorada desde a cabeceira ata a confluencia co río Cea
DU-94	Regato de Valcuende desde a cabeceira ata a confluencia co río Cea, e regatos do Rebedul e San Pedro
DU-95	Regato do Rebedul desde a cabeceira ata límite LIC "Rebollares del Cea"
DU-96	Río Valle desde a cabeceira ata entrada, do encoro de Villameca, e regatos do Corro e de Gabalina
DU-97	Regato de Riosequín desde a cabeceira ata a confluencia co río Bernesga
DU-98	Río Riosequino desde a cabeceira ata a confluencia co río Torío
DU-100	Río Porquera e afluentes desde a cabeceira ata a confluencia co río Tuerto
DU-101	Río Argañoso desde a cabeceira ata a confluencia co río Tuerto
DU-102	Río Tuerto desde confluencia co regato de Presilla ata a confluencia co regato da Moldera, e regato de Presilla, río das Huelgas e rego Viciella
DU-103	Regato da Moldera desde confluencia co río Jerga ata a confluencia co río Tuerto, e río Jerga
DU-104	Río Turienzo desde a cabeceira ata a confluencia co río Tuerto, e río Santa Marina, regato de Villar de Ciervos e regato do Ganso
DU-105	Río Tuerto desde confluencia co regato da Moldera ata a confluencia co río dos Peces
DU-106	Río Riacho de la Nava desde confluencia co río Valdellorna e regato Valle del Bosque ata a confluencia co río Esla, e río Valdellorna e regato Valle del Bosque
DU-107	Río Odra desde a cabeceira ata a confluencia co río Brulles, e ríos das Sequeras e Moralejos e regatos do Pontón e de Tres Huertos
DU-108	Regato do Reguerón desde a cabeceira ata a confluencia co río Porma
DU-109	Regato de Babardiel desde confluencia co regato de Riofrío e regato do Vallón ata a confluencia co río Órbigo, e regatos de Riofrío e do Vallón
DU-110	Río Corcos desde a cabeceira ata a confluencia co río Esla
DU-111	Regato de Riocamba desde a cabeceira ata a confluencia co río Cea
